

2. Sistema de xestión da seguraza:

Organización marco e como se dan e executan as ordes.

Requisitos do persoal e como se cumpren.

Rutinas dos controis e auditorías internos e os seus resultados.

Interface entre as diferentes partes na infraestrutura ferroviaria.

3. Normativa:

Lexislación e regulamentación nacional e comunitaria pertinente.

Outras normas aplicables, tales como normas de explotación, instrucións locais, requisitos do persoal e preceptos de mantemento.

4. Funcionamento do material rodante ferroviario e das instalacións técnicas:

Sistema de control de mando e sinalización, incluídas as gravacións dos rexistradores automáticos de datos.

Infraestrutura.

Equipamento de comunicacións.

Material rodante, incluídas as gravacións dos rexistradores automáticos de datos.

5. Documentación do sistema de xestión da circulación:

Medidas tomadas polo persoal de circulación.

Intercambio de mensaxes verbais en relación co suceso, incluída a documentación procedente de gravacións.

Medidas destinadas a protexer e salvagardar o lugar do suceso.

6. Interface home-máquina-organización:

Tempo de traballo do persoal implicado.

Circunstancias médicas e persoais con influencia no suceso, incluídas a existencia de tensión física e psicolóxica.

Deseño do equipamento con efectos na interface antropomecánica.

7. Outros sucesos anteriores de carácter similar.

4. *Análise e conclusións*

1. Descrición definitiva da cadea de acontecementos:

Establecemento das conclusións sobre o suceso conforme o disposto no título III do regulamento a que corresponde este anexo.

2. Deliberación:

Análise dos feitos co obxecto de extraer conclusións sobre as causas do suceso e a eficacia dos servizos de salvamento.

3. Conclusións:

Causas directas e inmediatas do suceso, incluídos os factores coadjuvantes relacionados coas accións das persoas implicadas ou as condicións do material rodante ou das instalacións técnicas.

Causas subxacentes relacionadas coas cualificacións do persoal ferroviario e o mantemento do material rodante ou da infraestrutura ferroviaria.

Causas relacionadas coas condicións do marco normativo e a aplicación do sistema de xestión da seguraza.

4. Observacións adicionais:

Deficiencias e defectos establecidos durante a investigación que non gardan relación coas conclusións sobre as causas.

5. *Medidas adoptadas*

Relación das medidas adoptadas como consecuencia do accidente ou incidente ferroviario.

6. *Recomendacións*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

13182 REAL DECRETO 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica. («BOE» 162, do 7-7-2007.)

O artigo 129 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais administrativas e da orde social, modificar do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, co obxecto de incorporar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario no ámbito da política de augas.

En virtude de tal norma realizáronse as modificacións correspondentes no título III do texto refundido da Lei de augas, correspondente á planificación hidrolóxica. Concretamente modificáronse os artigos 40, 41 e 42 e introduciuse o artigo 40 bis. Así mesmo, introducíronse modificacións noutros títulos que están en íntima relación co proceso de planificación hidrolóxica e a consecución dos seus fins, como a nova definición de bacía hidrográfica e a introdución do concepto de demarcación hidrográfica (artigos 16 e 16 bis), as modificacións na Administración pública da auga, coa creación do Consello da Auga da demarcación e o Comité de Autoridades Competentes (artigos 35, 36 e 36 bis), os novos obxectivos ambientais, o estado das masas de auga e os programas de medidas para a consecución de tales obxectivos (artigos 92 bis, 92 ter e 92 quáter), o rexistro de zonas protexidas (artigo 99 bis), a introdución expresa do principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas (artigo 111 bis) ou os prazos para a consecución dos obxectivos ambientais e para a participación pública (disposicións adicionais décimo primeira e décimo segunda).

Posteriormente, a Lei 11/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, modificou a redacción do punto 1.b.c') do artigo 42 do texto refundido da Lei de augas, establecendo unha definición de caudais ecolóxicos e a figura das reservas naturais fluviais, e engadiu un novo punto 5 ao artigo 46, relativo ás obras hidráulicas de interese xeral.

O marco xurídico da planificación hidrolóxica complétase co Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, aprobado mediante o Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, en desenvolvemento dos títulos II e III da Lei de augas, e coa Orde do 24 de setembro de 1992, pola que se aproban as instrucións e recomendacións técnicas complementarias para a elaboración dos plans hidrolóxicos de bacías intercomunitarias.

En cumprimento do establecido na Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, mediante o Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, aprobáronse os plans hidrolóxicos do Norte I, Norte II, Norte III, Douro, Texo, Guadiana I, Gua-

diana II, Guadalquivir, Sur, Segura, Xúcar, Ebro e bacías intracomunitarias de Cataluña. Posteriormente, mediante o Real decreto 378/2001, do 6 de abril, aprobouse o Plan Hidrolóxico das Illes Balears e mediante o Real decreto 103/2003, do 24 de xaneiro, aprobouse o Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa.

O contido normativo destes plans fíxose público mediante as ordes ministeriais do 13 de agosto de 1999 (plans do Norte, Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir, Segura, Xúcar e Ebro) e do 6 de setembro de 1999 (plan do Sur), e mediante un edicto da Xunta de Augas da Xeneralidade de Cataluña do 16 de marzo de 1999 (Plan das Bacías Internas de Cataluña).

Finalmente, o esquema de planificación previsto na Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, completouse coa aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional mediante a Lei 10/2001, do 5 de xullo, que foi posteriormente modificada pola Lei 11/2005, do 22 de xuño.

No marco descrito, e co obxectivo de cumprir os mandatos contidos no texto refundido da Lei de augas e na Directiva 2000/60/CE, así como na Decisión 2455/2001/CE, redáctase este Regulamento da planificación hidrolóxica que substitúe, entre outras e fundamentalmente, as disposicións establecidas no título II do Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica. A modificación deste regulamento xa fora anunciada na disposición adicional única do Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, con obxecto, aínda que con alcance limitado se se comparan os procesos de planificación daquela vixentes coas novas exixencias da Directiva 2000/60/CE, de simplificar o proceso permanente de actualización dos plans hidrolóxicos de bacía.

O regulamento que se aproba agora refírese exclusivamente á planificación hidrolóxica e non se desenvolven os aspectos correspondentes á Administración pública da auga. Esta circunstancia implica a necesidade de coordinar este desenvolvemento regulamentario coas modificacións que se realicen na regulación da Administración pública da auga, dadas as especiais vinculacións que loxicamente se producen entre ambas as regulacións, debendo terse en conta, non obstante, a recente promulgación dos reais decretos 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, e 126/2007, da mesma data, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribución dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias.

O desenvolvemento regulamentario prodúcese á luz das modificacións introducidas no texto refundido da Lei de augas e daqueles aspectos da Directiva 2000/60/CE relacionados coa planificación hidrolóxica que, polo seu excesivo detalle, non foron incorporados na transposición que deu lugar á modificación, en 2003, do texto refundido da Lei de augas. O novo Regulamento da planificación hidrolóxica parte da regulación existente co obxecto de gardar a maior coherencia posible con todo o corpo normativo do dereito de augas. Por esta razón, o texto da resposta aos mandatos de desenvolvemento regulamentario contidos no texto refundido da Lei de augas, tendo como piares básicos o actual Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica e a Directiva 2000/60/CE.

Outra modificación recente do noso ordenamento, a producida pola entrada en vigor da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, debe ser tamén tida en conta, para efectos de coordinar os trámites e actuacións nela previstos cos que se regulan neste regulamento.

Como complemento do anterior, débese considerar a experiencia acumulada nos procesos de planificación hidrolóxica realizados en España. A este respecto cabe destacar a importancia do informe que o Consello Nacional da Auga emitiu sobre os vixentes plans hidrolóxicos

de bacía en 1998 e cuxas recomendacións se tiveron presentes ao redactar as modificacións que se proponen. Igualmente, pódese citar a experiencia obtida da participación na Estratexia Común para a Implementación da Directiva marco da auga acordada o 24 de outubro de 2000 polos Estados membros, Noruega e a Comisión Europea e, en especial, a súa aplicación no caso da bacía piloto do Xúcar.

Finalmente, e como é lóxico, tivéronse en conta os pronunciamentos habidos na xurisprudencia española en relación coa planificación hidrolóxica, en particular a sentenza do Tribunal Constitucional 118/1998, do 4 de xuño, sobre conflitos positivos de competencia promovidos polo Goberno do País Vasco, polo Consello Executivo da Xeneralidade de Cataluña e polo Consello de Goberno da Deputación Rexional de Cantabria en relación co vixente Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica.

Por outra parte, o artigo 100.2 do texto refundido da Lei de augas obriga á aplicación do enfoque combinado na redacción das autorizacións de vertedura. Este principio non está recollido no artigo 256 do Regulamento do dominio público hidráulico, polo que se fai necesaria unha nova redacción tal e como se realiza no artigo 51 do regulamento que se aproba.

O proxecto preserva as competencias en materia de mariña mercante previstas na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.20.^a da Constitución. Así, a súa disposición derradeira cuarta habilita o Ministerio de Fomento para a súa aplicación e desenvolvemento no seu ámbito propio, e por tanto nas materias de seguranza marítima, da navegación, da vida humana no mar e de prevención e loita contra a contaminación do medio mariño e transporte marítimo, conforme o disposto na Lei 27/1992, do 22 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, así como na lexislación sectorial aplicable.

En canto á estrutura formal do regulamento organizouse nun título preliminar seguido doutros catro títulos. O título preliminar contén as disposicións xerais e trata dos obxectivos e criterios da planificación hidrolóxica, o seu ámbito territorial e as definicións. O título primeiro aborda os aspectos substantivos da planificación hidrolóxica, sobre a base dos contidos dos plans hidrolóxicos. O título segundo dedícase aos aspectos procedementais de elaboración e aprobación dos plans hidrolóxicos e o título terceiro aos procedementos de seguimento e revisión. Por último, o título cuarto dedícase aos efectos dos plans.

O regulamento recibiu o informe favorable polo pleno do Consello Nacional da Auga celebrado o día 30 de outubro de 2006.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento da planificación hidrolóxica.*

Apróbase o Regulamento da planificación hidrolóxica cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, e en particular:

a) Os artigos 2.2 e 4 e o título II do Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidro-

lóxica, en desenvolvemento dos títulos II e III da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.

b) O artigo 256 do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VIII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado mediante o Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento competencial.*

1. Os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9.1, 10, 15, 16, 17.2, 19.1, 40, 42.1, 64, 65, 66.1, 67, 68, 69, 70, 71, 76.1, 78.1, 83, 84, 85, 86, 87.3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9, 89.2, 4 e 5, 90, 91.1 e 3 deste regulamento teñen carácter básico e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

2. Os artigos 23.1, 24.1, 2 e 4, 25.1 e 2, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 43, 44, 55, 59.3 deste regulamento teñen carácter básico e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

3. Os restantes artigos deste regulamento dítanse ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que reserva para o Estado competencia sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento temporal.*

O desenvolvemento temporal das medidas previstas na norma farase en función das disponibilidades económicas das comunidades autónomas, sempre que esta solución sexa compatible coa coordinación de actuacións entre as administracións públicas competentes e coa puntualización de que as administracións competentes deberán garantir que se alcanzan os obxectivos ambientais previstos para as masas de auga no ano 2015.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este regulamento incorpórase ao dereito español a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Medio Ambiente e o ministro de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento da planificación hidrolóxica.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

REGULAMENTO DA PLANIFICACIÓN HIDROLÓXICA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxectivos e criterios da planificación hidrolóxica.*

1. A planificación hidrolóxica terá por obxectivos xerais conseguir o bo estado e a adecuada protección do dominio público hidráulico e das augas obxecto do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e a harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando as disponibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co ambiente e os demais recursos naturais.

2. Para a consecución dos obxectivos a que se refire o parágrafo anterior, a planificación hidrolóxica guiarase por criterios de sustentabilidade no uso da auga mediante a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, prevención da deterioración do estado das augas, protección e mellora do medio acuático e dos ecosistemas acuáticos e redución da contaminación. Así mesmo, a planificación hidrolóxica contribuirá a paliar os efectos das inundacións e secas.

3. A política da auga está ao servizo das estratexias e plans sectoriais que sobre os distintos usos establezan as administracións públicas, sen prexuízo da xestión racional e sustentable do recurso que debe ser aplicada polo Ministerio de Medio Ambiente, ou polas administracións hidráulicas competentes, que condicionará toda autorización, concesión ou infraestrutura futura que se solicite.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

1. A planificación realizarase mediante os plans hidrolóxicos de bacía e o Plan Hidrolóxico Nacional. O ámbito territorial de cada plan hidrolóxico de bacía será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente.

2. No caso de demarcacións hidrográficas internacionais en que non se elabore un plan hidrolóxico de bacía internacional, o ámbito territorial do plan hidrolóxico será o da parte española da demarcación.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos da planificación hidrolóxica e da protección das augas obxecto do texto refundido da Lei de augas entenderase por:

a) acuífero: unha ou máis capas subterráneas de rocha ou doutros estratos xeolóxicos que teñen a suficiente porosidade e permeabilidade para permitir un fluxo significativo de augas subterráneas ou a extracción de cantidades significativas de augas subterráneas.

b) augas continentais: todas as augas na superficie do solo e todas as augas subterráneas situadas cara á terra desde a liña que serve de base para medir o largo das augas territoriais.

c) augas superficiais: as augas continentais, excepto as augas subterráneas; as augas de transición e as augas costeiras, e, no que se refire ao estado químico, tamén as augas territoriais.

d) augas subterráneas: todas as augas que se encontran baixo a superficie do solo na zona de saturación e en contacto directo co solo ou o subsolo.

e) bo estado cuantitativo das augas subterráneas: o estado cuantitativo alcanzado por unha masa de auga

subterránea cando a taxa media anual de extracción a longo prazo non excede os recursos dispoñibles de auga e non está suxeita a alteracións antropoxénicas que poidan impedir alcanzar os obxectivos ambientais para as augas superficiais asociadas, que poidan ocasionar prexuízos significativos a ecosistemas terrestres asociados ou que poidan causar unha alteración do fluxo que xere salinización ou outras intrusións.

f) bo estado ecolóxico: o estado dunha masa de auga superficial cuxos indicadores de calidade biolóxicos mostran valores baixos de distorsión causada pola actividade humana, desviándose só lixeiramente dos valores normalmente asociados a condicións inalteradas no tipo de masa correspondente. Os indicadores hidromorfolóxicos son coherentes coa consecución destes valores e os indicadores fisicoquímicos encóntranse dentro dos rangos de valores que garanten o funcionamento do ecosistema específico do tipo e a consecución dos valores dos indicadores biolóxicos especificados anteriormente. Ademais, as concentracións de contaminantes non superan as normas establecidas.

g) bo estado químico das augas subterráneas: o estado químico alcanzado por unha masa de auga subterránea cuxa composición química non presenta efectos de salinidade ou outras intrusións, non excede as normas de calidade establecidas, non impide que as augas superficiais asociadas alcancen os obxectivos ambientais e non causa danos significativos aos ecosistemas terrestres asociados.

h) bo estado químico das augas superficiais: o estado químico alcanzado por unha masa de auga superficial que cumpre as normas de calidade ambiental respecto a substancias prioritarias e prioritarias perigosas nos puntos de control, así como o resto de normas de calidade ambiental establecidas.

i) bo potencial ecolóxico: o estado dunha masa de auga moi modificada ou artificial cuxos indicadores de calidade biolóxicos mostran leves cambios en comparación cos valores correspondentes ao tipo de masa máis estreitamente comparable. Os indicadores hidromorfolóxicos son coherentes coa consecución destes valores e os indicadores fisicoquímicos encóntranse dentro dos rangos de valores que garanten o funcionamento do ecosistema e a consecución dos valores dos indicadores biolóxicos especificados anteriormente. Ademais as concentracións de contaminantes non superan as normas establecidas.

j) caudal ecolóxico: caudal que contribúe a alcanzar o bo estado ou bo potencial ecolóxico nos ríos ou nas augas de transición e mantén, como mínimo, a vida piscícola que de maneira natural habitaria ou podería habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira.

k) demanda de auga: volume de auga, en cantidade e calidade, que os usuarios están dispostos a adquirir para satisfacer un determinado obxectivo de produción ou consumo. Este volume será función de factores como o prezo dos servizos, o nivel de renda, o tipo de actividade, a tecnoloxía ou outros.

l) estado das augas superficiais: a expresión xeral do estado dunha masa de auga superficial, determinado polo peor valor do seu estado ecolóxico e do seu estado químico.

m) estado das augas subterráneas: a expresión xeral do estado dunha masa de auga subterránea, determinado polo peor valor do seu estado cuantitativo e do seu estado químico.

n) estado ecolóxico: unha expresión da calidade da estrutura e o funcionamento dos ecosistemas acuáticos asociados ás augas superficiais.

o) estado cuantitativo das augas subterráneas: unha expresión do grao en que afectan unha masa de auga subterránea as extraccións directas e indirectas.

p) masa de auga superficial: unha parte diferenciada e significativa de auga superficial, como un lago, un

encoro, unha corrente, río ou canle, parte dunha corrente, río ou canle, unhas augas de transición ou un tramo de augas costeiras.

q) masa de auga subterránea: un volume claramente diferenciado de augas subterráneas nun acuífero ou acuíferos.

r) masa de auga artificial: unha masa de auga superficial creada pola actividade humana.

s) masa de auga moi modificada: unha masa de auga superficial que, como consecuencia de alteracións físicas producidas pola actividade humana, experimentou un cambio substancial na súa natureza.

t) máximo potencial ecolóxico: o estado dunha masa de auga moi modificada ou artificial cuxos indicadores de calidade biolóxicos pertinentes reflectan, na medida do posible, os correspondentes ao tipo de masa de auga superficial máis estreitamente comparable, dadas as condicións físicas resultantes das características artificiais ou moi modificadas da masa de auga. Ademais, que os indicadores hidromorfolóxicos sexan coherentes coa consecución destes valores e os indicadores fisicoquímicos correspondan total ou case totalmente aos de condicións inalteradas do tipo de masa de auga máis estreitamente comparable.

u) moi bo estado ecolóxico: o estado dunha masa de auga superficial cuxos indicadores de calidade biolóxicos mostran os valores normalmente asociados ao tipo de masa en condicións inalteradas e non mostran indicios de distorsión, ou mostran indicios de escasa importancia. Ademais, non existen alteracións antropoxénicas dos valores dos indicadores hidromorfolóxicos e fisicoquímicos correspondentes ao tipo de masa de auga superficial, ou existen alteracións de moi escasa importancia.

v) potencial ecolóxico: unha expresión da calidade da estrutura e o funcionamento dos ecosistemas acuáticos asociados a unha masa de auga artificial ou moi modificada.

w) presión significativa: presión que supera un limiar definido a partir do cal se pode pór en risco o cumprimento dos obxectivos ambientais nunha masa de auga.

x) recursos dispoñibles de auga subterránea: valor medio interanual da taxa de recarga total da masa de auga subterránea, menos o fluxo interanual medio requirido para conseguir os obxectivos de calidade ecolóxica para a auga superficial asociada, para evitar calquera diminución significativa no estado ecolóxico de tales augas, e calquera dano significativo aos ecosistemas terrestres asociados.

y) servizos relacionados coa auga: todas as actividades relacionadas coa xestión das augas que posibilitan a súa utilización, tales como a extracción, o almacenamento, a conducción, o tratamento e a distribución de augas superficiais ou subterráneas, así como a recollida e depuración de augas residuais, que verten posteriormente nas augas superficiais. Así mesmo, entenderanse como servizos as actividades derivadas da protección de persoas e bens fronte ás inundacións.

z) sub-bacía: a superficie de terreo cuxo escoamento superficial flúe na súa totalidade a través dunha serie de correntes, ríos e, eventualmente, lagos cara a un determinado punto dun curso de auga (xeralmente un lago ou unha confluencia de ríos).

aa) usos da auga: as distintas clases de utilización do recurso, así como calquera outra actividade que teña repercusións significativas no estado das augas. Para efectos da aplicación do principio de recuperación de custos, os usos da auga deberán considerar, polo menos, o abastecemento de poboacións, os usos industriais e os usos agrarios.

TÍTULO I

Contido dos plans

CAPÍTULO I

Contido dos plans hidrolóxicos de bacía

SECCIÓN 1.^a CONTIDO OBRIGATORIO DOS PLANS HIDROLÓXICOS DE BACÍAArtigo 4. *Contido obrigatorio dos plans hidrolóxicos de bacía.*

Os plans hidrolóxicos de bacía comprenderán obrigatoriamente:

a) A descrición xeral da demarcación hidrográfica, incluíndo:

a') Para as augas superficiais tanto continentais como costeiras e de transición, mapas cos seus límites e localización, ecorreccións, tipos e condicións de referencia. No caso de augas artificiais e moi modificadas, incluírase, así mesmo, a motivación conducente a tal cualificación.

b') Para as augas subterráneas, mapas coa localización e límites das masas de auga.

c') O inventario dos recursos superficiais e subterráneos incluíndo os seus réximes hidrolóxicos e as características básicas de calidade das augas.

b) A descrición xeral dos usos, presións e incidencias antrópicas significativas sobre as augas, incluíndo:

a') Os usos e demandas existentes cunha estimación das presións sobre o estado cuantitativo das augas, a contaminación de fonte puntual e difusa, incluíndo un resumo do uso do solo, e outras afeccións significativas da actividade humana.

b') Os criterios de prioridade e compatibilidade de usos, así como a orde de preferencia entre os distintos usos e aproveitamentos.

c') A asignación e reserva de recursos para usos e demandas actuais e futuros, así como para a conservación ou recuperación do medio natural. Para este efecto determinarán os caudais ecolóxicos e as reservas naturais fluviais, coa finalidade de preservar, sen alteracións, aqueles tramos de ríos con escasa ou nula intervención humana. Estas reservas circunscribíranse estritamente aos bens de dominio público hidráulico.

d') A definición dun sistema de explotación único para cada plan, no cal, de forma simplificada, queden incluídos todos os sistemas parciais, e co cal se posibilite a análise global de comportamento.

c) A identificación e mapas das zonas protexidas.

d) As redes de control establecidas para o seguimento do estado das augas superficiais, das augas subterráneas e das zonas protexidas e os resultados deste control.

e) A lista de obxectivos ambientais para as augas superficiais, as augas subterráneas e as zonas protexidas, incluíndo os prazos previstos para a súa consecución, a identificación de condicións para excepcións e prórrogas, e as súas informacións complementarias.

f) Un resumo da análise económica do uso da auga, incluíndo unha descrición das situacións e motivos que poidan permitir excepcións na aplicación do principio de recuperación de custos.

g) Un resumo dos programas de medidas adoptados para alcanzar os obxectivos previstos, incluíndo:

a') Un resumo das medidas necesarias para aplicar a lexislación sobre protección da auga, incluíndo separadamente as relativas á auga potable.

b') Un informe sobre as accións prácticas e as medidas tomadas para a aplicación do principio de recuperación dos custos do uso da auga.

c') Un resumo de controis sobre extracción e almacenamento da auga, incluídos os rexistros e identificación de excepcións de control.

d') Un resumo de controis previstos sobre verteduras puntuais e outras actividades con incidencia no estado da auga, incluíndo a ordenación de verteduras directas e indirectas ao dominio público hidráulico e ás augas obxecto de protección polo texto refundido da Lei de augas, sen prexuízo da competencia estatal exclusiva en materia de verteduras con orixe e destino no medio mariño.

e') Unha identificación de casos en que se autorizen verteduras directas ás augas subterráneas.

f') Un resumo de medidas tomadas respecto ás substancias prioritarias.

g') Un resumo das medidas tomadas para previr ou reducir as repercusións dos incidentes de contaminación accidental.

h') Un resumo das medidas adoptadas para masas de auga con poucas probabilidades de alcanzar os obxectivos ambientais fixados.

i') Detalles das medidas complementarias consideradas necesarias para cumprir os obxectivos ambientais establecidos, incluíndo os perímetros de protección e as medidas para a conservación e recuperación do recurso e contorno afectados.

j') Detalles das medidas tomadas para evitar un aumento da contaminación das augas mariñas.

k') As directrices para recarga e protección de acuíferos.

l') As normas básicas sobre melloras e transformacións en regadío que aseguren o mellor aproveitamento do conxunto de recursos hidráulicos e terreos dispoñibles.

m') Os criterios de avaliación dos aproveitamentos enerxéticos e a fixación dos condicionantes requiridos para a súa execución.

n') Os criterios sobre estudos, actuacións e obras para previr e evitar os danos debidos a inundacións, enchentes e outros fenómenos hidráulicos.

o') As infraestruturas básicas requiridas polo plan.

h) Un rexistro dos programas e plans hidrolóxicos máis detallados relativos a sub-bacías, sectores, cuestións específicas ou categorías de augas, acompañado dun resumo dos seus contidos. De forma expresa, incluíranse as determinacións pertinentes para o plan hidrolóxico de bacía derivadas do Plan Hidrolóxico Nacional.

i) Un resumo das medidas de información pública e de consulta tomadas, os seus resultados e os cambios conseguintes efectuados no plan.

j) Unha lista das autoridades competentes designadas.

k) Os puntos de contacto e procedementos para obter a documentación de base e a información requirida polas consultas públicas.

SECCIÓN 2.^a DESCRICIÓN XERAL DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICAArtigo 5. *Identificación e delimitación de masas de auga superficial.*

1. En cada demarcación hidrográfica determinarase a situación e os límites das masas de auga superficial e levarase a cabo unha caracterización destas masas mediante a súa clasificación en categorías e tipos. Poderanse agrupar distintas masas de auga superficial para efectos desta caracterización. A situación e os límites das masas de auga superficial definiranse mediante un sistema de información xeográfica.

2. As masas de auga superficial dentro de cada demarcación hidrográfica clasificaranse na categoría de

ríos, lagos, augas de transición ou augas costeiras, especificando, se é o caso, se se trata de masas de auga artificiais ou masas de auga moi modificadas.

Artigo 6. *Ecorreixións e tipos de masas de auga superficial.*

1. Os ríos e lagos clasificaranse en dúas rexións ecolóxicas ou ecorreixións denominadas Pireneos e Rexión ibérico-macaronésica, a primeira das cales corresponde á zona pirenaica e a segunda ao resto de España. As rexións ecolóxicas das augas de transición e costeiras serán o Océano Atlántico e o Mar Mediterráneo.

2. Para cada categoría de auga superficial, as masas de auga clasificaranse por tipos. Estes tipos pódense definir utilizando as rexións ecolóxicas definidas no punto anterior e os descritores establecidos nas táboas do anexo I (sistema A), ou ben mediante os descritores obrigatorios e os descritores optativos ou combinacións de descritores indicados nas táboas do anexo II (sistema B).

3. Se se utiliza o segundo procedemento do punto anterior, débese lograr, polo menos, o mesmo grao de discriminación que se lograría co primeiro e débense utilizar os valores dos descritores que se requiran para garantir que se poidan obter con fiabilidade as condicións biolóxicas de referencia específicas de cada tipo.

4. Para as masas de auga superficial artificiais e moi modificadas, a clasificación levarase a cabo de conformidade cos descritores correspondentes á categoría de augas superficiais que máis se pareza á masa de auga artificial ou moi modificada de que se trate.

Artigo 7. *Condicións de referencia dos tipos de masas de auga superficial.*

1. Para cada tipo de masa de auga superficial estableceranse condicións hidromorfolóxicas e fisicoquímicas específicas que representen os valores dos indicadores de calidade hidromorfolóxicos e fisicoquímicos correspondentes ao moi bo estado ecolóxico. Así mesmo, estableceranse condicións biolóxicas de referencia específicas, de tal modo que representen os valores dos indicadores de calidade biolóxica correspondentes ao moi bo estado ecolóxico.

2. As condicións específicas de cada tipo poderanse obter das medicións efectuadas nunha rede de referencia para cada tipo de masas de auga superficial, dunha modelización ou dunha combinación de ambos os métodos. Cando non sexa posible utilizar ningún destes métodos, poderase solicitar o asesoramento de expertos para establecer estas condicións. Ao definir o moi bo estado ecolóxico polo que se refire a concentracións de contaminantes, os límites de detección serán os que se poidan lograr de conformidade coas técnicas dispoñibles no momento en que se deben establecer as condicións específicas do tipo.

3. A rede de referencia para cada tipo de masa de auga superficial conterá un número suficiente de puntos en moi bo estado con obxecto de proporcionar un nivel de confianza suficiente sobre os valores correspondentes ás condicións de referencia, en función da variabilidade dos valores dos indicadores de calidade que corresponden a un moi bo estado ecolóxico para ese tipo de masa de auga superficial e das técnicas de modelización que se apliquen.

4. As condicións de referencia biolóxicas do tipo baseadas nunha modelización poderanse obter utilizando modelos de predición ou métodos de análise a posteriori. Os métodos utilizarán os datos dispoñibles históricos, paleontolóxicos e doutro tipo e proporcionarán un nivel de confianza suficiente sobre os valores correspondentes ás condicións de referencia para garantir que as condicións derivadas desta forma sexan coherentes e válidas para cada tipo de masa de auga superficial.

5. Cando non sexa posible fixar condicións de referencia fiables específicas do tipo correspondentes a un indicador de calidade nun tipo de masa de auga superficial, debido ao alto grao de variabilidade natural deste indicador, non só como consecuencia de variacións estacionais, este indicador poderase excluír da avaliación do estado ecolóxico correspondente a ese tipo de augas superficiais. En tales circunstancias, declararanse as razóns desta exclusión no plan hidrolóxico.

Artigo 8. *Masas de auga artificiais e moi modificadas.*

1. Unha masa de auga superficial poderase designar como artificial ou moi modificada cando:

a) Os cambios das características hidromorfolóxicas desta masa que sexan necesarios para alcanzar o seu bo estado ecolóxico teñan considerables repercusións negativas no contorno, na navegación (incluídas as instalacións portuarias ou actividades recreativas), nas actividades para as cales se almacena a auga (como o fornecemento de auga destinada á produción de auga de consumo humano, a produción de enerxía, a rega ou outras), na regulación da auga, na protección contra as inundacións, na defensa da integridade da costa e na drenaxe de terreos ou outras actividades de desenvolvemento humano sustentable igualmente importantes.

b) Os beneficios derivados das características artificiais ou modificadas da masa de auga non se poidan alcanzar razoablemente, debido ás posibilidades técnicas ou aos custos desproporcionados, por outros medios que constituían unha opción ambiental significativamente mellor.

2. No caso das masas de auga superficial moi modificadas ou artificiais as referencias ao moi bo estado ecolóxico interpretaranse como referencias ao potencial ecolóxico máximo. Os valores relativos ao potencial ecolóxico máximo correspondente a unha masa de auga, así como os motivos que xustifican a súa consideración como artificial ou moi modificada revisaranse cada seis anos no plan hidrolóxico.

Artigo 9. *Identificación e delimitación de masas de auga subterránea.*

1. En cada demarcación hidrográfica determinarase a situación e os límites das masas de auga subterránea comprendidas integramente no seu territorio mediante un sistema de información xeográfica e levarase a cabo unha caracterización destas masas.

2. Os plans hidrolóxicos de bacía realizarán unha proposta de masas de auga subterránea compartidas con outras demarcacións, que será tomada en consideración no Plan Hidrolóxico Nacional para a súa delimitación e caracterización, conforme o indicado no artigo 67 deste regulamento.

Artigo 10. *Caracterización das masas de auga subterránea.*

1. Levarase a cabo unha caracterización inicial de todas as masas de auga subterránea para poder avaliar a medida en que estas augas poderían deixar de se axustar aos obxectivos ambientais. Poderanse agrupar distintas masas de auga subterránea para efectos desta caracterización inicial.

2. Na análise utilizaranse os datos existentes en materia de hidroloxía, xeoloxía, edafoloxía e uso do solo e indicaranse a localización e os límites das masas de auga subterránea, as características xerais dos estratos supracentes na zona de captación a partir da cal recibe a súa alimentación a masa de auga subterránea e as masas de auga subterránea de que dependan directamente ecosistemas de augas superficiais ou ecosistemas terrestres.

3. Unha vez realizada esta análise inicial, realizarase unha caracterización adicional das masas ou grupos de masas de auga subterránea que presenten un risco de non alcanzar os obxectivos ambientais con obxecto de avaliar con maior exactitude a importancia deste risco e determinar con maior precisión as medidas que se deban adoptar.

4. Esta caracterización adicional deberá incluír, se procede, información sobre:

a) As características xeolóxicas do acuífero, incluídas a extensión e tipo de unidades xeolóxicas.

b) As características hidroxeolóxicas da masa de auga subterránea, incluídos a permeabilidade, a porosidade e o confinamento.

c) As características dos depósitos superficiais e terras na zona de captación a partir da cal a masa de auga subterránea recibe a súa alimentación, incluídos o grosor, a porosidade, a permeabilidade e as propiedades absorbentes dos depósitos e solos.

d) As características de estratificación de auga subterránea dentro do acuífero.

e) Un inventario e descrición dos sistemas de superficie asociados, incluídos os ecosistemas terrestres e as masas de auga superficial, con que estea conectada dinamicamente a masa de auga subterránea, incluíndo, se é o caso, a súa relación cos espazos incluídos no rexistro de zonas protexidas.

f) Os cálculos sobre direccións e taxas de intercambio de fluxos entre a masa de auga subterránea e os sistemas de superficie asociados.

g) Datos suficientes para calcular a taxa media anual de recarga global a longo prazo.

h) As características da composición química das augas subterráneas. Poderanse utilizar tipoloxías para a caracterización das augas subterráneas ao determinar os niveis naturais de referencia destas masas de auga subterránea. Especificaranse as características que son debidas ás achegas da actividade humana.

Artigo 11. *Inventario de recursos hídricos naturais.*

1. Por inventario de recursos hídricos naturais entenderase a estimación cuantitativa, a descrición cualitativa e a distribución temporal destes recursos na demarcación hidrográfica. No inventario inclúranse as augas que contribúan ás achegas dos ríos e as que alimenten almacenamentos naturais de auga, superficiais ou subterráneos.

2. Para efectos da realización do inventario a demarcación hidrográfica poderase dividir en zonas e subzonas. A división farase en cada caso atendendo a criterios hidrográficos, administrativos, socioeconómicos, ambientais ou outros que en cada suposto se coide conveniente tomar en consideración.

3. O inventario conterá, na medida que sexa posible:

a) Datos estatísticos que mostren a evolución do réxime natural dos fluxos e almacenamentos ao longo do ano hidrolóxico.

b) Interrelacións das variables consideradas, especialmente entre as augas superficiais e subterráneas, e entre as precipitacións e as achegas dos ríos ou recarga de acuíferos.

c) A zonificación e a esquematización dos recursos hídricos naturais na demarcación hidrográfica.

d) Características básicas de calidade das augas en condicións naturais.

4. O plan hidrolóxico avaliará o posible efecto do cambio climático sobre os recursos hídricos naturais da demarcación. Para iso estimará os recursos que corresponderían aos escenarios climáticos previstos polo Ministerio de Medio Ambiente, que se terán en conta no horizonte temporal indicado no artigo 21.4.

SECCIÓN 3.^a DESCRIPCIÓN XERAL DOS USOS, PRESIÓNS E INCIDENCIAS ANTRÓPICAS SIGNIFICATIVAS

Artigo 12. *Usos da auga.*

O plan hidrolóxico incluírá unha táboa que clasifique os usos recollidos nel, distinguíndose, polo menos, os de abastecemento de poboacións, regadíos e usos agrarios, usos industriais para produción de enerxía eléctrica, outros usos industriais, acuicultura, usos recreativos, navegación e transporte acuático.

Artigo 13. *Caracterización das demandas de auga.*

1. Para caracterizar unha demanda serán precisos os seguintes datos:

a) O volume anual e a súa distribución temporal.

b) As condicións de calidade exixibles á subministración.

c) O nivel de garantía.

d) O custo repercutible e outras variables económicas relevantes.

e) O consumo, é dicir, o volume que non retorna ao sistema hidráulico.

f) O retorno, é dicir, o volume non consumido que se reincorpora ao sistema.

g) As condicións de calidade do retorno previas a calquera tratamento.

2. O volume da demanda expresarase en termos brutos e netos. No primeiro caso, que corresponde ao concepto de detracción do medio, considéranse incluídas as perdas en transporte, distribución e aplicación. No segundo caso, que corresponde ao concepto de consumo, non se inclúen tales perdas.

3. As demandas pertencentes a un mesmo uso que compartan a orixe do fornecemento e cuxos retornos se reincorporen basicamente na mesma zona ou subzona agrúpanse en unidades territoriais máis amplas, denominadas unidades de demanda. Estas unidades defínense no plan hidrolóxico e son as que se integrarán como elementos diferenciados para efectos da realización de balances e da asignación de recursos e establecemento de reservas no sistema de explotación único definido de acordo co artigo 19.

Artigo 14. *Criterios para a estimación das demandas de auga.*

1. Os plans hidrolóxicos de bacía incorporarán a estimación das demandas actuais e das previsibles nos horizontes establecidos no artigo 19. En particular para os usos de abastecemento a poboacións, agrarios, enerxéticos e industriais seguiranse os seguintes criterios:

a) O cálculo da demanda de abastecemento a poboacións basearase, tendo en conta as previsións dos plans urbanísticos, en avaliacións demográficas, económico produtivas, industriais e de servizos, e incluírá a requirida por industrias de pouco consumo de auga situadas nos núcleos de poboación e conectadas á rede municipal. Nestas avaliacións terase en conta tanto a poboación permanente como a estacional, así como o número de vivendas principais e secundarias por tipoloxías. Así mesmo, consideraranse as dotacións domésticas básicas e as previsións das administracións competentes sobre os efectos de cambios nos prezos, na eficiencia dos sistemas de abastecemento e nos hábitos de consumo da poboación.

b) A estimación da demanda agraria comprenderá a demanda agrícola, forestal e gandeira, que se deberá estimar de acordo coas previsións de cada sector e as políticas territoriais e de desenvolvemento rural. A estimación da demanda agrícola terá en conta as previsións de evo-

lución da superficie de regadíos e dos tipos de cultivos, os sistemas e eficiencias de rega, o aforro de auga como consecuencia da implantación de novas técnicas de rega ou mellora de infraestruturas, as posibilidades de reutilización de augas, a revisión concesional ao abeiro do artigo 65, alíneas a) e b) e a disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei de augas e a previsión para a atención de aproveitamentos illados. Así mesmo, teranse en conta as previsións de cambio dos prezos dos servizos da auga e as modificacións no contexto dos mercados e das axudas que perciben os usos agrarios.

c) A estimación da demanda para usos industriais e enerxéticos considerará as previsións actuais e de desenvolvemento sustentable a longo prazo de cada sector de actividade. O cálculo realizarase para cada un deles, recollendo o número de establecementos industriais, o emprego, a produción e outras características socioeconómicas. Teranse tamén en conta os posibles cambios estruturais no uso de materias primas e nos procesos produtivos, a aplicación de novas tecnoloxías que melloren o aproveitamento da auga e as posibilidades de reutilización das augas dentro do propio proceso industrial.

2. As estimacións realizadas seguindo os criterios definidos no punto anterior deberanse axustar, para as demandas correspondentes á situación actual, cos datos reais dispoñibles sobre detraccións e consumos nas unidades de demanda máis significativas da demarcación.

3. En todos os casos se estimarán os retornos ao medio natural das augas usadas, tanto nos seus aspectos cualitativos como cuantitativos. No caso do abastecemento a poboacións o plan hidrolóxico incluírá unha descrición dos sistemas de tratamento e depuración das augas residuais correspondentes a cada unidade de demanda, con indicación dos volumes e características de calidade das augas á entrada e á saída da instalación.

Artigo 15. *Presións sobre as masas de auga superficial.*

1. En cada demarcación hidrográfica recompilarase e manterase o inventario sobre o tipo e a magnitude das presións antropoxénicas significativas a que están expostas as masas de augas superficial, tal e como veñen definidas no artigo 3.

2. Esta información incluírá, en especial:

a) A estimación e identificación da contaminación significativa orixinada por fontes puntuais, producida especialmente polas substancias enumeradas no anexo II do Regulamento de dominio público hidráulico, procedentes de instalacións e actividades urbanas, industriais, agrarias e outro tipo de actividades económicas.

b) A estimación e identificación da contaminación significativa orixinada por fontes difusas, producida especialmente polas substancias enumeradas no anexo II do Regulamento de dominio público hidráulico, procedentes de instalacións e actividades urbanas, industriais, agrícolas e gandeiras, en particular non estabuladas, e outro tipo de actividades, tales como zonas mineiras, solos contaminados ou vías de transporte.

c) A estimación e determinación da extracción significativa de auga para usos urbanos, industriais, agrarios e doutro tipo, incluídas as variacións estacionais e a demanda anual total, e da perda de auga nos sistemas de distribución.

d) A estimación e determinación da incidencia da regulación significativa do fluxo de auga, incluídos o transvasamento e o desvío da auga, nas características globais do fluxo e nos equilibrios hídricos.

e) A identificación e incidencia das alteracións morfolóxicas significativas das masas de auga, incluíndo as alteracións transversais e lonxitudinais.

f) A estimación e identificación doutros tipos de incidencia antropoxénica significativa no estado das augas

superficiais, como a introdución de especies alóctonas, os sedimentos contaminados e as actividades recreativas.

g) Os usos do solo, incluída a identificación das principais zonas urbanas, industriais e agrarias, zonas de erosión, zonas afectadas por incendios, zonas de extracción de granulados e outras ocupacións de marxes e, se procede, as pesqueiras e os bosques.

Artigo 16. *Presións sobre as masas de auga subterránea.*

1. En cada demarcación hidrográfica indícaranse as presións antropoxénicas significativas a que están expostas as masas de auga subterránea, entre as cales se contan as fontes de contaminación difusa, as fontes de contaminación puntual, a extracción de auga e a recarga artificial de auga.

2. Nos casos de masas de auga subterránea que poñan non axustarse aos obxectivos ambientais establecidos ou que crucen a fronteira con Francia ou Portugal, deberanse recoller, actualizar e conservar, se procede, os datos seguintes:

a) A localización dos puntos da masa de auga subterránea utilizados para a extracción de auga, con excepción dos puntos de extracción de auga que subministren menos de 10 m³ diarios e os puntos de extracción de auga destinada ao consumo humano que subministren un termo medio diario inferior a 10 m³ ou sirvan a menos de 50 persoas.

b) As taxas anuais medias de extracción a partir destes puntos.

c) A composición química da auga extraída da masa de auga subterránea.

d) A localización dos puntos da masa de auga subterránea en que ten lugar directamente unha recarga artificial.

e) As taxas de recarga nestes puntos.

f) A composición química das augas introducidas na recarga do acuífero.

g) O uso do solo na zona ou zonas de recarga natural a partir das cales a masa de auga subterránea recibe a súa alimentación, incluídas as entradas contaminantes e as alteracións antropoxénicas das características da recarga natural, como por exemplo a desviación das augas pluviais e do escurramento mediante a impermeabilización do solo, a alimentación artificial, o encoramento ou a drenaxe.

Artigo 17. *Prioridade e compatibilidade de usos.*

1. O plan hidrolóxico conterá os criterios de prioridade e de compatibilidade de usos que se deben aplicar nos distintos territorios da demarcación hidrográfica. En relación con tales criterios, e para toda a demarcación hidrográfica, estableceranse por sistemas de explotación as ordes de preferencia entre os distintos usos e aproveitamentos.

2. Os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais non terán o carácter de uso, debendo considerarse como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación. En todo caso, aplicarase tamén aos caudais ambientais a regra sobre supremacía do uso para abastecemento de poboacións recollida no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de augas.

3. Igualmente o plan hidrolóxico fixará as condicións e requisitos necesarios para a declaración de utilidade pública das distintas clases de uso da auga, para efectos da expropiación forzosa dos aproveitamentos de menor rango na orde de preferencia que para cada sistema de explotación da demarcación hidrográfica se determinase no plan hidrolóxico.

Artigo 18. *Caudais ecolóxicos.*

1. O plan hidrolóxico determinará o réxime de caudais ecolóxicos nos ríos e augas de transición definidos

na demarcación, incluíndo tamén as necesidades de auga dos lagos e das zonas húmidas.

2. Este réxime de caudais ecolóxicos establecerase de modo que permita manter de forma sustentable a funcionalidade e estrutura dos ecosistemas acuáticos e dos ecosistemas terrestres asociados, contribuíndo a alcanzar o bo estado ou potencial ecolóxico en ríos ou augas de transición. Para o seu establecemento os organismos de bacía realizarán estudos específicos en cada tramo de río.

3. O proceso de implantación do réxime de caudais ecolóxicos desenvolverase conforme un proceso de concertación que terá en conta os usos e demandas actualmente existentes e o seu réxime concesional, así como as boas prácticas.

4. En caso de secas prolongadas poderase aplicar un réxime de caudais menos exixente sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 sobre deterioración temporal do estado das masas de auga. Esta excepción non se aplicará nas zonas incluídas na rede Natura 2000 ou na Lista de zonas húmidas de importancia internacional de acordo co Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro de 1971. Nestas zonas considerárase prioritario o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, aínda que se aplicará a regra sobre supremacía do uso para abastecemento de poboacións.

5. Na determinación do fluxo interanual medio requirido para o cálculo dos recursos dispoñibles de auga subterránea tomarase como referencia o réxime de caudais ecolóxicos calculado segundo os criterios definidos nos puntos anteriores.

Artigo 19. *Sistemas de explotación.*

1. O plan hidrolóxico definirá os sistemas de explotación en que funcionalmente se divida o territorio da demarcación.

2. Cada sistema de explotación de recursos está constituído por masas de auga superficial e subterránea, obras e instalacións de infraestrutura hidráulica, normas de utilización da auga derivadas das características das demandas e regras de explotación que, aproveitando os recursos hídricos naturais, e de acordo coa súa calidade, permiten establecer os fornecementos de auga que configuran a oferta de recursos dispoñibles do sistema de explotación, cumprindo os obxectivos ambientais.

3. Cada sistema de explotación de recursos referirase a un horizonte temporal, debendo incluírse, en todo caso, o correspondente á situación existente ao se elaborar o plan. Os sistemas de explotación referiranse, ademais, a dous horizontes temporais, 2015 e 2027, nos cales se considerará a satisfacción das demandas previsibles. Estes horizontes incrementaranse en seis anos nas sucesivas actualizacións dos plans.

4. O estudo de cada sistema de explotación de recursos conterá:

a) A definición e características dos recursos hídricos dispoñibles de acordo coas normas de utilización da auga consideradas. Estes recursos incluírán os procedentes da captación e regulación de augas superficiais, a extracción de augas subterráneas, a reutilización, a desalga de augas salobres e mariñas e as transferencias doutras demarcacións. Así mesmo, especificaranse os esquemas de uso xunto dos recursos hídricos superficiais e subterráneos e a recarga artificial de acuíferos.

b) A determinación dos elementos da infraestrutura precisa e as directrices fundamentais para a súa explotación.

c) Os recursos hídricos naturais non utilizados no sistema e, se é o caso, os procedentes de ámbitos territoriais externos ao plan.

5. Sen prexuízo dos sistemas de explotación parciais que se poidan definir en cada plan, definirase un sistema

de explotación único no cal, de forma simplificada, queden incluídos todos os sistemas parciais e co cal se posibilite a análise global de comportamento en toda a demarcación hidrográfica. No plan indícarase a agrupación de recursos, demandas, infraestruturas de almacenamento e masas de auga levada a cabo a partir dos sistemas parciais, se é o caso, para definir o sistema de explotación único.

Artigo 20. *Reserva de recursos.*

1. Enténdese por reserva de recursos a correspondente ás asignacións establecidas en previsión das demandas que corresponde atender para alcanzar os obxectivos da planificación hidrolóxica.

2. As reservas establecidas deberanse inscribir no rexistro de augas a nome do organismo de bacía, o cal procederá á súa cancelación parcial a medida que se vaian outorgando as correspondentes concesións, todo isto de acordo co título II, capítulo II, sección 9.^a do Regulamento do dominio público hidráulico.

3. As reservas de recursos previstas nos plans hidrolóxicos de bacía aplicaranse exclusivamente para o destino concreto e no prazo máximo fixado no propio plan. En ausencia de tal previsión, entenderase como prazo máximo o de seis anos establecido no artigo 89, salvo que na revisión do correspondente plan se estableza outro diferente.

Artigo 21. *Balances, asignación e reserva de recursos.*

1. Os balances entre recursos e demandas a que se refire este artigo realizaranse para cada un dos sistemas de explotación definidos conforme o indicado no artigo anterior. Neste balance os caudais ecolóxicos consideraranse como unha restrición na forma indicada no artigo 17.2. A satisfacción das demandas realizarase seguindo os criterios de prioridade establecidos no plan hidrolóxico, desde unha perspectiva de sustentabilidade no uso da auga.

2. O plan hidrolóxico establecerá, para a situación existente ao elaborar o plan, o balance entre os recursos e as demandas consolidadas, considerando como tales as representativas dunhas condicións normais de fornecemento nos últimos anos, sen que en ningún caso se poidan consolidar demandas cuxo volume exceda o valor das asignacións vixentes.

3. Así mesmo, establecerá a asignación e reserva dos recursos dispoñibles para as demandas previsibles ao horizonte temporal do ano 2015 para os efectos do artigo 91 do Regulamento de dominio público hidráulico e especificará tamén as demandas que non poden ser satisfeitas cos recursos dispoñibles na propia demarcación hidrográfica. Este horizonte incrementárase en seis anos nas sucesivas actualizacións dos plans.

4. Con obxectivo de avaliar as tendencias a longo prazo, para o horizonte temporal do ano 2027 o plan hidrolóxico estimará o balance ou balances entre os recursos previsiblemente dispoñibles e as demandas previsibles correspondentes aos diferentes usos. Para a realización deste balance terase en conta o posible efecto do cambio climático sobre os recursos hídricos naturais da demarcación de acordo co establecido no artigo 11. O citado horizonte temporal incrementárase en seis anos nas sucesivas actualizacións dos plans.

SECCIÓN 4.^a ZONAS PROTEXIDAS

Artigo 22. *Reservas naturais fluviais.*

1. Co obxectivo de preservar aqueles ecosistemas acuáticos fluviais que presentan un alto grao de naturalidade, o plan hidrolóxico recollerá as reservas naturais

fluviais declaradas polas administracións competentes da demarcación ou polo Ministerio de Medio Ambiente. Estas reservas corresponderán a masas de auga da categoría río con escasa ou nula intervención humana. Estas masas incorporaranse ao rexistro de zonas protexidas.

2. Para identificar estas masas de auga terase en conta a naturalidade da súa bacía, a existencia de actividades humanas que poidan influír nas súas características fisicoquímicas e hidrolóxicas, o estado ecolóxico, a incidencia da regulación do fluxo de auga e a presenza de alteracións morfolóxicas.

3. O estado ecolóxico destas reservas será moi bo, polo que se poderán considerar como sitios de referencia.

4. Calquera actividade humana que poida supor unha presión significativa sobre as masas de auga definidas como reservas naturais fluviais deberá ser sometida a unha análise específica de presións e impactos, podendo a administración competente conceder a autorización correspondente en caso de que os efectos negativos non sexan significativos nin supoñan un risco a longo prazo. Os criterios para determinar estas presións significativas estableceranse no plan hidrolóxico.

5. No resumo dos programas de medidas do plan hidrolóxico incluíranse as medidas de protección adoptadas polas autoridades competentes da demarcación hidrográfica nas reservas naturais fluviais.

Artigo 23. *Réxime de protección especial.*

1. Poderán ser declaradas de protección especial determinadas zonas, bacías ou tramos de bacías, acuíferos ou masas de auga polas súas características naturais ou interese ecolóxico, de acordo coa lexislación ambiental e de protección da natureza. Os plans hidrolóxicos recollerán a clasificación destas zonas e as condicións específicas para a súa protección.

2. As administracións competentes por razón da materia facilitaránlle ao organismo de bacía correspondente, durante a elaboración dos plans hidrolóxicos, a relación de zonas, bacías ou tramos de bacías, acuíferos ou masas de auga declaradas de protección especial para a súa inclusión nestes plans, baixo a supervisión do Comité de Autoridades Competentes da demarcación.

3. A clasificación e as condicións para a súa protección recolleranse nos plans hidrolóxicos de bacía de forma expresa ou remitíndose de maneira concreta aos preceptos vixentes da lexislación ambiental e de protección da natureza que lles puidesen afectar. Estas zonas formarán parte do rexistro de zonas protexidas.

Artigo 24. *Rexistro de zonas protexidas.*

1. Para cada demarcación hidrográfica existirá polo menos un rexistro das zonas que fosen declaradas obxecto de protección especial en virtude de norma específica sobre protección de augas superficiais ou subterráneas, ou sobre conservación de hábitat e especies directamente dependentes da auga.

2. No rexistro incluíranse necesariamente:

a) As zonas en que se realiza unha captación de auga destinada á produción de auga de consumo humano, sempre que proporcione un volume medio de polo menos 10 metros cúbicos diarios ou abasteza máis de cincuenta persoas, así como, de ser o caso, os perímetros de protección delimitados.

b) As zonas que, de acordo co respectivo plan hidrolóxico, se vaian destinar nun futuro á captación de auga destinada á produción de auga de consumo humano.

c) As zonas que fosen declaradas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico.

d) As masas de auga declaradas de uso recreativo, incluídas as zonas declaradas augas de baño.

e) As zonas que fosen declaradas vulnerables en aplicación das normas sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias.

f) As zonas que fosen declaradas sensibles en aplicación das normas sobre tratamento das augas residuais urbanas.

g) As zonas declaradas de protección de hábitat ou especies en que o mantemento ou mellora do estado da auga constituía un factor importante da súa protección, incluídos os lugares de importancia comunitaria, zonas de especial protección para as aves e zonas especiais de conservación integrados na rede Natura 2000 designados no marco da Directiva 92/43/CEE e a Directiva 79/409/CEE.

h) Os perímetros de protección de augas minerais e termais aprobados de acordo coa súa lexislación específica.

3. No rexistro incluíranse, ademais:

a) As masas de auga superficial identificadas como reservas naturais fluviais de acordo co respectivo plan hidrolóxico.

b) As zonas, bacías ou tramos de bacías, acuíferos ou masas de auga declarados de protección especial e recollidos no plan hidrolóxico.

c) As zonas húmidas de importancia internacional incluídas na Lista do Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro de 1971, así como as zonas húmidas incluídas no Inventario Nacional de Zonas Húmidas de acordo co Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Inventario nacional de zonas húmidas.

4. O resumo do rexistro requirido como parte do plan hidrolóxico incluírá mapas indicativos da localización de cada zona protexida, información ambiental e estado de conservación, se é o caso, e unha descrición da lexislación comunitaria, nacional ou local de acordo coa cal fosen designadas.

Artigo 25. *Revisión, actualización e consulta do rexistro de zonas protexidas.*

1. O rexistro de zonas protexidas deberase revisar e actualizar regular e especificamente xunto coa actualización do plan hidrolóxico correspondente.

2. As administracións competentes por razón da materia facilitarán, ao organismo de bacía correspondente, a información precisa para manter actualizado o rexistro de zonas protexidas de cada demarcación hidrográfica baixo a supervisión do Comité de Autoridades Competentes da demarcación.

3. O rexistro de zonas protexidas será de consulta pública permanente, sen prexuízo de atender as solicitudes de información formuladas de conformidade coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

4. Nos casos en que a revisión se realice cunha periodicidade inferior á prevista na actualización dos plans hidrolóxicos, actualizarase conforme a lexislación en virtude da cal fose establecida a zona protexida.

SECCIÓN 5.^a AVALIACIÓN DO ESTADO DAS AUGAS. REDES DE CONTROL

Artigo 26. *Clasificación do estado das augas superficiais.*

1. O estado das masas de auga superficial quedará determinado polo peor valor do seu estado ecolóxico e do seu estado químico.

2. O estado ecolóxico das augas superficiais clasificarase como moi bo, bo, moderado, deficiente ou malo.

3. Para clasificar o estado ecolóxico das masas de auga superficial consideraranse os elementos de calidade

biolóxicos, hidromorfolóxicos e fisicoquímicos de acordo coas definicións normativas incluídas no anexo V. Estes elementos determinaranse mediante indicadores e asignaranse valores numéricos a cada límite entre as clases definidas no punto anterior. No caso dos indicadores dos elementos de calidade biolóxicos, representarán a relación entre os valores dos parámetros biolóxicos observados e os valores correspondentes a estes parámetros nas condicións de referencia.

4. Os elementos de calidade aplicables ás masas de auga artificiais e moi modificadas serán os que resulten de aplicación á categoría de augas superficiais naturais que máis se pareza á masa de auga artificial ou moi modificada de que se trate. No caso das augas moi modificadas e artificiais, o potencial ecolóxico clasificarase como máximo, bo, moderado, deficiente ou malo.

5. O estado químico das augas superficiais clasificarase como bo ou como que non alcanza o bo estado.

6. Para clasificar o estado químico das masas de auga superficial avaliarase se cumpren nos puntos de control as normas de calidade ambiental respecto ás substancias perigosas do anexo IV, así como o resto das normas de calidade ambiental establecidas. No caso das augas costeiras e de transición só será de aplicación a Lista I e a Lista II prioritaria do citado anexo.

Artigo 27. *Elementos de calidade para a clasificación do estado ecolóxico dos ríos.*

1. Os elementos de calidade biolóxicos para a clasificación do estado ecolóxico dos ríos son a composición e abundancia da flora acuática e da fauna bentónica de invertebrados e a composición, abundancia e estrutura de idades da fauna ictiolóxica.

2. Os elementos de calidade hidromorfolóxicos son o réxime hidrolóxico, incluíndo caudais, hidrodinámica dos fluxos de auga e conexión con masas de auga subterránea; a continuidade do río e as condicións morfolóxicas, incluíndo profundidade e largo do río, estrutura e substrato do seu leito e estrutura da zona ribeira.

3. Os elementos de calidade fisicoquímicos son as condicións térmicas e de oxixenación, salinidade, estado de acidificación e nutrientes. Ademais son a contaminación producida polos contaminantes do anexo II do Regulamento do dominio público hidráulico se se verten en cantidades significativas.

Artigo 28. *Elementos de calidade para a clasificación do estado ecolóxico dos lagos.*

1. Os elementos de calidade biolóxicos para a clasificación do estado ecolóxico dos lagos son a composición, abundancia e biomasa do fitoplancto, a composición e abundancia doutro tipo de flora acuática e da fauna bentónica de invertebrados e a composición, abundancia e estrutura de idades da fauna ictiolóxica.

2. Os elementos de calidade hidromorfolóxicos son o réxime hidrolóxico, incluíndo volumes e hidrodinámica do lago, tempo de permanencia e conexión con augas subterráneas, e as condicións morfolóxicas, incluíndo profundidade do lago, cantidade, estrutura e substrato do seu leito e estrutura da zona ribeira.

3. Os elementos de calidade fisicoquímicos son a transparencia, as condicións térmicas e de oxixenación, salinidade, estado de acidificación e nutrientes. Ademais, son a contaminación producida polos contaminantes do anexo II do Regulamento do dominio público hidráulico se se verten en cantidades significativas.

Artigo 29. *Elementos de calidade para a clasificación do estado ecolóxico das augas de transición.*

1. Os elementos de calidade biolóxicos para a clasificación do estado ecolóxico das augas de transición son a composición, abundancia e biomasa do fitoplancto, a composición e abundancia doutro tipo de flora acuática e da fauna bentónica de invertebrados e a composición e abundancia da fauna ictiolóxica.

2. Os elementos de calidade hidromorfolóxicos son as condicións morfolóxicas, incluíndo profundidade, cantidade, estrutura e substrato do leito e estrutura da zona de oscilación da marea, e o réxime de mareas, incluíndo fluxo de auga doce e exposición á ondada.

3. Os elementos de calidade fisicoquímicos son a transparencia, as condicións térmicas e de oxixenación, salinidade e nutrientes. Ademais son a contaminación producida polos contaminantes do anexo II do Regulamento do dominio público hidráulico se se verten en cantidades significativas.

Artigo 30. *Elementos de calidade para a clasificación do estado ecolóxico das augas costeiras.*

1. Os elementos de calidade biolóxicos para a clasificación do estado ecolóxico das augas costeiras son a composición, abundancia e biomasa do fitoplancto e a composición e abundancia doutro tipo de flora acuática e da fauna bentónica de invertebrados.

2. Os elementos de calidade hidromorfolóxicos son as condicións morfolóxicas, incluíndo profundidade, estrutura e substrato do leito costeiro e estrutura da zona ribeira intermareal, e o réxime de mareas, incluíndo dirección das correntes dominantes e exposición á ondada.

3. Os elementos de calidade fisicoquímicos son a transparencia, as condicións térmicas e de oxixenación, salinidade e nutrientes. Ademais son a contaminación producida polos contaminantes do anexo II do Regulamento do dominio público hidráulico se se verten en cantidades significativas.

Artigo 31. *Avaliación e presentación do estado das augas superficiais.*

1. A avaliación do estado ecolóxico de cada unha das masas de auga superficial realizarase a partir dos valores dos indicadores biolóxicos, hidromorfolóxicos e fisicoquímicos obtidos do programa de control.

2. A avaliación do estado químico de cada unha das masas de auga superficial realizarase a partir dos valores obtidos do programa de control.

3. O plan hidrolóxico incluírá mapas en que se mostre, en cada masa de auga superficial, o estado ecolóxico ou potencial ecolóxico e o estado químico desta masa. Nestes mapas indicaranse as masas de auga en que non sexa posible alcanzar o bo estado ecolóxico ou bo potencial ecolóxico polo incumprimento das normas de calidade ambiental en relación con contaminantes específicos.

Artigo 32. *Clasificación do estado das augas subterráneas.*

1. O estado das masas de auga subterránea quedará determinado polo peor valor do seu estado cuantitativo e do seu estado químico.

2. Para clasificar o estado cuantitativo das masas de auga subterránea utilizaranse indicadores que empreguen como parámetro o nivel piezométrico das augas subterráneas. Este estado poderase clasificar como bo ou malo.

3. Para clasificar o estado químico das masas de auga subterránea utilizaranse indicadores que empreguen como parámetros as concentracións de contaminantes e a condutividade. Este estado poderase clasificar como bo ou malo.

Artigo 33. *Avaliación e presentación do estado das augas subterráneas.*

1. A avaliación do estado cuantitativo das masas de auga subterránea realizarase de forma global para toda a masa cos indicadores calculados a partir dos valores do nivel piezométrico obtidos nos puntos de control.

2. A avaliación do estado químico das masas de auga subterránea realizarase de forma global para toda a masa cos indicadores calculados a partir dos valores de concentracións de contaminantes e condutividade obtidos nos puntos de control.

3. O plan hidrolóxico incluírá mapas nos cales se mostre, en cada masa de auga subterránea, o estado cuantitativo e o estado químico desta masa. No mapa correspondente ao estado químico indicaranse as masas de auga subterránea cunha tendencia significativa e continua ao aumento das concentracións de calquera contaminante.

Artigo 34. *Programas de control das augas.*

1. O plan hidrolóxico recollerá os programas de control das augas establecidos na demarcación: o control de vixilancia, o control operativo e, se é necesario, o control de investigación.

2. O control de vixilancia ten por obxectivo obter unha visión xeral e completa do estado das masas de auga. O seu resultado permitirá a concepción eficaz e efectiva de futuros programas de control e a avaliación dos cambios a longo prazo nas condicións naturais ou resultado dunha actividade antropoxénica moi estendida.

3. O control operativo ten por obxectivo determinar o estado das masas de auga en risco de non cumprir os obxectivos ambientais. Así mesmo, permite avaliar os cambios que se produzan no estado destas masas como resultado dos programas de medidas.

4. Nos casos en que se descoñeza a orixe do incumprimento dos obxectivos ambientais, cando o control de vixilancia indique a improbabilidade de que se alcancen os obxectivos e non se puxese en marcha un control operativo co fin de determinar as causas polas cales non se puideron alcanzar e para determinar a magnitude e o impacto dunha contaminación accidental, establecerase un control de investigación, a partir do cal se definirá o programa de medidas requirido para cumprir os obxectivos ambientais e, se é o caso, de medidas específicas para remediar os efectos dunha contaminación accidental.

5. O plan hidrolóxico conterá mapas en que se mostre a localización e as características dos puntos que compoñen os programas de control establecidos para as augas superficiais, as augas subterráneas e as zonas protexidas.

6. No plan hidrolóxico ofrecerase unha apreciación do nivel de confianza e precisión dos resultados obtidos mediante os programas de control.

SECCIÓN 6.^a OBXECTIVOS AMBIENTAIS

Artigo 35. *Obxectivos ambientais.*

Para conseguir unha adecuada protección das augas, deberanse alcanzar os seguintes obxectivos ambientais:

a) Para as augas superficiais:

a') Previr a deterioración do estado das masas de auga superficiais.

b') Protexer, mellorar e rexenerar todas as masas de auga superficial co obxecto de alcanzar un bo estado delas.

c') Reducir progresivamente a contaminación procedente de substancias prioritarias e eliminar ou suprimir gradualmente as verteduras, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

b) Para as augas subterráneas:

a') Evitar ou limitar a entrada de contaminantes nas augas subterráneas e evitar a deterioración do estado de todas as masas de auga subterránea.

b') Protexer, mellorar e rexenerar as masas de auga subterránea e garantir o equilibrio entre a extracción e a recarga a fin de conseguir o bo estado das augas subterráneas.

c') Inverter as tendencias significativas e sostidas no aumento da concentración de calquera contaminante derivada da actividade humana co fin de reducir progresivamente a contaminación das augas subterráneas.

c) Para as zonas protexidas: cumprir as exigencias das normas de protección que resulten aplicables nunha zona e alcanzar os obxectivos ambientais particulares que nelas se determinen.

d) Para as masas de auga artificiais e masas de auga moi modificadas: protexer e mellorar as masas de auga artificiais e moi modificadas para lograr un bo potencial ecolóxico e un bo estado químico das augas superficiais.

Artigo 36. *Prazos para alcanzar os obxectivos ambientais.*

En relación cos obxectivos ambientais, deberanse satisfacer os prazos seguintes:

a) Os obxectivos deberanse alcanzar antes do 31 de decembro de 2015.

b) O prazo para a consecución dos obxectivos poderase prorrogar respecto dunha determinada masa de auga se, ademais de non producirse unha nova deterioración do seu estado, se dá algunha das seguintes circunstancias:

a') Cando as melloras necesarias para obter o obxectivo só se poidan lograr, debido ás posibilidades técnicas, nun prazo que exceda o establecido.

b') Cando o cumprimento do prazo establecido dese lugar a un custo desproporcionadamente alto.

c') Cando as condicións naturais non permitan unha mellora do estado no prazo sinalado.

c) As prórrogas do prazo establecido, a súa xustificación e as medidas necesarias para a consecución dos obxectivos ambientais relativos ás masas de auga incluíranse no plan hidrolóxico de bacía, sen que poidan exceder a data do 31 de decembro de 2027. Exceptuarase deste prazo o suposto en que as condicións naturais impidan lograr os obxectivos.

Artigo 37. *Obxectivos ambientais menos rigorosos.*

1. Cando existan masas de auga moi afectadas pola actividade humana ou as súas condicións naturais fagan inviable a consecución dos obxectivos sinalados ou exixan un custo desproporcionado, sinalaranse obxectivos ambientais menos rigorosos nas condicións que se establezan en cada caso mediante os plans hidrolóxicos.

2. Entre estas condicións deberanse incluír, polo menos, todas as seguintes:

a) Que as necesidades socioeconómicas e ecolóxicas a que atende esta actividade humana non se poidan lograr por outros medios que constitúan unha alternativa ecolóxica significativamente mellor e que non supoña un custo desproporcionado.

b) Que se garantan o mellor estado ecolóxico e estado químico posibles para as augas superficiais e os mínimos cambios posibles do bo estado das augas subterráneas, tendo en conta, en ambos os casos, as repercusións que non se puidesen evitar razoablemente debido á natureza da actividade humana ou da contaminación.

c) Que non se produza deterioración ulterior do estado da masa de auga afectada.

Artigo 38. Deterioración temporal do estado das masas de auga.

1. Poderase admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga se se debe a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puidesen prever razoablemente, en particular graves inundacións e secas prolongadas, ou ao resultado de circunstancias derivadas de accidentes que tampouco se puidesen prever razoablemente.

2. Para admitir esta deterioración deberanse cumprir todas as condicións seguintes:

a) Que se adopten todas as medidas factibles para impedir que se siga deteriorando o estado e para non pór en perigo o logro dos obxectivos ambientais noutras masas de auga non afectadas por esas circunstancias.

b) Que no plan hidrolóxico se especifiquen as condicións en virtude das cales se poden declarar estas circunstancias como racionalmente imprevistas ou excepcionais, incluíndo a adopción dos indicadores adecuados. No caso de situacións hidrolóxicas extremas, estas condicións derivarán dos estudos que se realizarán de acordo co indicado no artigo 59 e deberanse recoller os indicadores establecidos nos plans de seca cuxo rexistro se incluírá no plan hidrolóxico, conforme o indicado no artigo 62.

c) Que as medidas que se deban adoptar nestas circunstancias excepcionais se inclúan no programa de medidas e non poñan en perigo a recuperación da calidade da masa de auga unha vez que cesasen as circunstancias.

d) Que os efectos das circunstancias que sexan excepcionais ou que non se puidesen prever razoablemente se revisen anualmente e se adopten, tan pronto como sexa razoablemente posible, todas as medidas factibles para devolver a masa de auga ao seu estado anterior para os efectos destas circunstancias, sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo primeira 1.b) do texto refundido da Lei de augas.

e) Que na seguinte actualización do plan hidrolóxico se inclúa un resumo dos efectos producidos por esas circunstancias e das medidas que se adoptasen ou se deban adoptar.

Artigo 39. Condicións para as novas modificacións ou alteracións.

1. Baixo as condicións establecidas no número 2 poderanse admitir novas modificacións das características físicas dunha masa de auga superficial ou alteracións do nivel das masas de auga subterránea aínda que impidan lograr un bo estado ecolóxico, un bo estado das augas subterráneas ou un bo potencial ecolóxico, se é o caso, ou supoñan a deterioración do estado dunha masa de auga superficial ou subterránea. Así mesmo, e baixo idénticas condicións, poderanse realizar novas actividades humanas de desenvolvemento sustentable aínda que supoñan a deterioración desde o moi bo estado ao bo estado dunha masa de auga superficial.

2. Para admitir estas modificacións ou alteracións deberanse cumprir as condicións seguintes:

a) Que se adopten todas as medidas factibles para paliar os efectos adversos no estado da masa de auga.

b) Que os motivos das modificacións ou alteracións se consignen e expliquen especificamente no plan hidrolóxico.

c) Que os motivos das modificacións ou alteracións sexan de interese público superior e que os beneficios para o ambiente e a sociedade que supón o logro dos obxectivos ambientais se vexan compensados polos beneficios das novas modificacións ou alteracións para a

saúde pública, o mantemento da seguranza humana ou o desenvolvemento sustentable.

d) Que os beneficios obtidos coas ditas modificacións ou alteracións da masa de auga non se poidan conseguir, por motivos de viabilidade técnica ou de custos desproporcionados, por outros medios que constitúan unha opción ambiental significativamente mellor.

SECCIÓN 7.^a ANÁLISE ECONÓMICA DO USO DA AUGA

Artigo 40. Análise económica do uso da auga.

O plan hidrolóxico incluírá un resumo da análise económica do uso da auga que comprenderá a caracterización económica do uso da auga e a análise de recuperación do custo dos servizos da auga.

Artigo 41. Caracterización económica do uso da auga.

1. A caracterización económica do uso da auga incluírá unha análise da importancia deste recurso para a economía, o territorio e o desenvolvemento sustentable da demarcación hidrográfica, así como das actividades económicas ás cales as augas contribúen de maneira significativa, incluíndo unha previsión sobre a súa posible evolución.

2. Esta caracterización comprenderá, polo menos, para cada actividade os seguintes indicadores: o valor engadido, a produción, o emprego, a poboación dependente, a estrutura social e a produtividade do uso da auga.

3. As previsións sobre os factores determinantes, a evolución das actividades económicas, as demandas de auga e as presións corresponden ao escenario tendencial que se produciría en caso de non se aplicar medidas. Este escenario será o punto de referencia necesario para analizar a eficacia dos programas de medidas recollidos no plan hidrolóxico.

4. No deseño deste escenario tendencial teranse en conta as previsións sobre a evolución temporal dos factores determinantes, entre os cales se inclúe a demografía, a evolución dos hábitos de consumo de auga, a produción, o emprego, a tecnoloxía ou os efectos de determinadas políticas públicas. O plan hidrolóxico incluírá distintas hipóteses de evolución destes factores.

5. A caracterización económica do uso da auga realizarase tanto nas unidades de demanda definidas no plan hidrolóxico conforme o establecido no artigo 13 como globalmente para o conxunto da demarcación hidrográfica.

Artigo 42. Recuperación do custo dos servizos da auga.

1. As autoridades competentes terán en conta o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas, incluíndo os custos ambientais e do recurso, en función das proxeccións a longo prazo da súa oferta e demanda.

2. O plan hidrolóxico incluírá a seguinte información sobre a recuperación dos custos dos servizos da auga:

a) Os servizos da auga, describindo os axentes que os prestan, os usuarios que os reciben e as tarifas aplicadas.

b) Os custos de capital dos investimentos necesarios para a provisión dos diferentes servizos de auga, incluíndo os custos contables e as subvencións, así como os custos administrativos, de operación e mantemento.

c) Os custos ambientais e do recurso.

d) Os descontos, como os debidos a laminación de enchentes ou a futuros usuarios.

e) Os ingresos dos usuarios polos servizos da auga.

f) O nivel actual de recuperación de custos, especificando a contribución efectuada polos diversos usos da auga, desagregados, polo menos, en abastecemento, industria e agricultura.

3. Para cada sistema de explotación especificaranse as previsións de investimentos en servizos nos horizontes do plan.

4. O plan hidrolóxico incorporará a descrición das situacións e motivos que permitan excepcións na aplicación do principio de recuperación de custos, analizando as consecuencias sociais, ambientais e económicas, así como as condicións xeográficas e climáticas de cada territorio, sempre e cando isto non comprometa nin os fins nin o logro dos obxectivos ambientais establecidos, de acordo co establecido no artigo 111 bis 3 do texto refundido da Lei de augas.

5. A análise de recuperación de custos realizarase tanto nas unidades de demanda definidas no plan hidrolóxico conforme o establecido no artigo 13 como globalmente para o conxunto da demarcación hidrográfica.

SECCIÓN 8.^a PROGRAMAS DE MEDIDAS

Artigo 43. *Programas de medidas.*

1. Para cada demarcación hidrográfica establecerase un programa de medidas en que se terán en conta os resultados dos estudos realizados para determinar as características da demarcación, as repercusións da actividade humana nas súas augas, así como o estudo económico do uso da auga nela.

2. Os programas de medidas terán como finalidade a consecución dos obxectivos ambientais sinalados no artigo 92 bis do texto refundido da Lei de augas.

3. Os programas de medidas débense axustar a criterios de racionalidade económica e sustentabilidade na consecución dos obxectivos ambientais.

4. As medidas poderán ser básicas e complementarias:

a) As medidas básicas son os requisitos mínimos que se deben cumprir en cada demarcación e se establecen nos artigos 44 a 53, ambos incluídos.

b) As medidas complementarias son aquelas que en cada caso se deban aplicar con carácter adicional para a consecución dos obxectivos ambientais ou para alcanzar unha protección adicional das augas.

5. O programa de medidas estará integrado polas medidas básicas e as complementarias que, no ámbito das súas competencias, aproben as administracións competentes na protección das augas.

6. A selección da combinación de medidas máis adecuada, especialmente para o caso das complementarias, apoiarse nunha análise custo-eficacia. Nesta análise consideraranse os aspectos económicos, sociais e ambientais das medidas.

7. Na selección do conxunto de medidas teranse en conta, ademais dos resultados da análise custo-eficacia, os efectos das distintas medidas sobre outros problemas ambientais e sociais, aínda que non afecten directamente os ecosistemas acuáticos, de acordo co proceso de avaliación ambiental estratéxica do plan indicado neste regulamento.

8. A aplicación das medidas básicas non poderá orixinar, baixo ningún concepto, nin directa nin indirectamente, unha maior contaminación das augas superficiais, salvo no caso de que ao non se aplicaren estas medidas se produza unha maior contaminación do ambiente no seu conxunto.

Artigo 44. *Relación de medidas básicas.*

Considéranse básicas as seguintes medidas:

a) Medidas necesarias para aplicar a lexislación sobre protección da auga, incluíndo as relativas á protección da auga destinada á produción de auga de consumo humano previstas na disposición derradeira cuarta do

texto refundido da Lei de augas e, en particular, as destinadas a reducir o tratamento necesario para a produción de auga de consumo humano.

b) Medidas para a aplicación do principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas.

c) Medidas para fomentar un uso eficiente e sustentable da auga co fin de contribuír á consecución dos obxectivos ambientais.

d) Medidas de control sobre extracción e almacenamento da auga, en particular as relativas ao rexistro de augas.

e) Medidas de control sobre verteduras e outras actividades con incidencia no estado das augas, incluíndo a ordenación de verteduras directas e indirectas ao dominio público hidráulico e ás augas obxecto de protección polo texto refundido da Lei de augas.

f) Prohibición de verteduras directas ás augas subterráneas, salvo en certas condicións.

g) Medidas respecto ás substancias perigosas recollidas na lista I, lista II preferentes e lista II prioritarias do anexo IV.

h) Medidas para previr ou reducir as repercusións dos episodios de contaminación accidental.

i) Directrices para recarga e protección de acuíferos.

Artigo 45. *Medidas para aplicar a lexislación sobre protección da auga.*

1. Serán todas aquelas medidas necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos na normativa comunitaria sobre protección da auga que se recolle no anexo III, conforme a incorporación desta realizada polo dereito español.

2. O plan hidrolóxico recollerá todas estas medidas, incluíndo de forma separada as relacionadas coa auga de consumo humano.

3. Así mesmo, o plan hidrolóxico incluírá os plans e programas que as administracións competentes desenvolven para cumprir coa lexislación sobre protección da auga, incluíndo, en particular, os relativos a saneamento e depuración de aglomeracións urbanas e os programas de actuación nas zonas vulnerables á contaminación por nitratos.

Artigo 46. *Medidas para a aplicación do principio de recuperación dos custos do uso da auga.*

1. No plan hidrolóxico incluírase información sobre as medidas que teñen a intención de adoptar as administracións competentes para ter en conta o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas, incluíndo os custos ambientais e do recurso.

2. Estas medidas poderán incluír propostas de revisión e actualización das estruturas tarifarias, especialmente en relación coa incorporación dos custos ambientais e do recurso, incluíndo fórmulas de valoración de danos ao ambiente.

Artigo 47. *Medidas para fomentar un uso eficiente e sustentable da auga.*

1. No plan hidrolóxico incluírase información sobre as medidas que se deben adoptar, en particular relacionadas coa política de prezos da auga, que proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos hídricos e, por tanto, contribúan ao cumprimento dos obxectivos ambientais perseguidos.

2. En caso de que non se puidesen aplicar políticas de prezos da auga que proporcionen incentivos adecuados para o cumprimento dos obxectivos ambientais, o

plan hidrolóxico deberá incluír un informe que xustifique os motivos.

3. O plan hidrolóxico incorporará tamén información sobre outros instrumentos económicos de mercado, incentivos e medidas de carácter voluntario que sirvan para fomentar o uso eficiente e sustentable da auga.

4. O plan hidrolóxico conterá unha relación de medidas en materia de abastecemento urbano conducentes a unha xestión racional e sustentable da auga, incluíndo as campañas de concienciación na sociedade, a utilización de dispositivos de aforro domésticos, a eliminación de fugas nas redes de abastecementos de auga, a reutilización de augas depuradas na rega de parques e xardíns e outras que se encadren dentro dos principios básicos de conservación da auga e de xestión da demanda.

5. No plan hidrolóxico incluírase unha relación das medidas en materia de regadío que contribúan á consecución do bo estado das augas, incluíndo as normas básicas conducentes á adopción dos métodos de rega máis adecuados para os distintos tipos de climas, terras e cultivos, as dotacións de augas necesarias para as diversas alternativas e as condicións de drenaxe exixibles, así como o fomento de producións agrícolas adaptadas e de técnicas de rega economizadoras de auga. Inclúiran, así mesmo, as condicións para a reutilización de augas para rega e calquera outra que sexa precisa para asegurar o mellor aproveitamento e conservación do conxunto de recursos hídricos e terras e o desenvolvemento sustentable. Recolleranse, se é o caso, as adaptacións que deberán introducir tanto as administracións competentes como os particulares nas realizacións existentes para lograr unha utilización racional destes recursos naturais.

6. No plan hidrolóxico estableceranse os criterios que se deberán aplicar para a avaliación dos aproveitamentos industriais e enerxéticos, que recollerán fundamentalmente os aspectos económicos, sociais, de demanda e de oportunidade de forma que se asegure a protección das augas e a consecución do bo estado.

7. Para fomentar un uso máis eficiente e sustentable da auga, o plan hidrolóxico establecerá os criterios para a revisión concesional ao abeiro do artigo 65.c) e da disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei de augas.

8. No plan hidrolóxico incluíranse indicadores de eficiencia e sustentabilidade para realizar o seguimento das medidas durante o desenvolvemento do plan.

Artigo 48. *Medidas de control sobre extracción e almacenamento da auga.*

1. As medidas de control sobre extracción e almacenamento da auga inclúen a actualización do rexistro de augas definido no artigo 80 do texto refundido da Lei de augas e demais medidas establecidas no título II do Regulamento de dominio público hidráulico.

2. O plan hidrolóxico incluírá as medidas que se adoptarán para controlar os volumes detraídos e os consumos reais na demarcación hidrográfica, incluíndo os criterios para a instalación de contadores e outros instrumentos de medida.

Artigo 49. *Medidas de control sobre verteduras puntuais e outras actividades con incidencia no estado das augas.*

1. No caso de verteduras puntuais que poidan causar contaminación, as medidas consisten, entre outras, no requisito de autorización das verteduras de augas residuais.

2. No caso de fontes difusas que poidan xerar contaminación, adoptaranse medidas para evitar ou controlar a entrada de contaminantes. Estas medidas poderán consistir nun requisito de regulamentación previa, como a prohibición da entrada de contaminantes na auga, o

requisito de autorización previa das actividades que xeren a contaminación difusa ou o de rexistro baseado en normas xerais de carácter vinculante, cando este requisito non estea establecido doutra forma na lexislación. Estes controis revisaranse periodicamente e, cando proceda, actualizaranse.

3. Para calquera outro efecto adverso significativo sobre o estado da auga, incluíranse as medidas para garantir en particular que as condicións hidromorfolóxicas das masas de auga estean en consonancia co logro do estado ecolóxico necesario ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga designadas como artificiais ou moi modificadas. Os controis realizados con este fin poderán consistir no requisito de autorización previa ou de rexistro baseado en normas xerais de carácter vinculante, cando este requisito non estea establecido doutra forma na lexislación. Estes controis revisaranse periodicamente e, cando proceda, actualizaranse.

4. Ademais consideraranse as medidas establecidas no título III do Regulamento do dominio público hidráulico da protección do dominio público hidráulico e da calidade das augas continentais.

Artigo 50. *Verteduras directas a augas subterráneas.*

1. Sen prexuízo da prohibición de verteduras regulada no artigo 100.1 do texto refundido da Lei de augas, no plan hidrolóxico identificaranse, se existen, aqueles casos en que se autoricen verteduras directas a masas de auga subterránea, así como as condicións da dita autorización.

2. Aplicaranse as medidas establecidas no título III, capítulo II do Regulamento de dominio público hidráulico e, en particular, as previstas na sección IV relativas a verteduras ás augas subterráneas.

Artigo 51. *Medidas respecto ás substancias perigosas.*

1. As medidas consisten, entre outras, no requisito de autorización de todas as verteduras de augas residuais con substancias perigosas do anexo IV deste regulamento que se limitarán conforme o establecido no artigo 100.2 do texto refundido da Lei de augas. Estas autorizacións considerarán os valores límite de emisión das substancias perigosas que contén con regulación específica, así como as normas de calidade ambiental aprobadas regulamentariamente ou as que no futuro se aproben.

2. Ademais, consideraranse as medidas para reducir progresivamente ou eliminar as substancias perigosas do anexo IV e en particular as da lista II prioritaria.

Artigo 52. *Medidas para previr ou reducir as repercusións dos episodios de contaminación accidental.*

1. Adoptaranse as medidas para previr ou reducir os efectos das contaminacións accidentais, causadas pola industria, por instalacións gandeiras, polos tanques de augas pluviais das depuradoras urbanas e outras. Estas medidas incluírán o uso de sistemas automáticos para detectar eses fenómenos ou alertar sobre eles.

2. As contaminacións accidentais procedentes de inundacións incluírán, entre outras medidas, o uso de sistemas automáticos para detectar eses fenómenos ou alertar sobre eles.

3. Incluíranse todas as medidas apropiadas que se deban adoptar para reducir o risco de danos ao ecosistema acuático en caso de accidentes que non se puidesen ter previsto razoablemente.

Artigo 53. *Directrices para a recarga de aquíferos.*

1. O plan hidrolóxico recollerá, cando existan, as áreas de recarga artificial de masas de auga subterránea, para as cales se detallarán o obxectivo da recarga, así

como a procedencia, contía e calidade dos recursos aplicados, incluíndo a autorización que permite a recarga. As sucesivas áreas de recarga que se vaian determinando incorporaranse ao plan a medida que se autoricen.

2. Os recursos aplicados para a recarga artificial poderanse obter de calquera auga superficial, subterránea, rexenerada ou desalgada, sempre que o uso da fonte non comprometa a consecución dos obxectivos ambientais establecidos para a fonte ou a masa de auga recargada nin poida xerar situacións de risco para a saúde pública.

Artigo 54. *Directrices para a protección de acuíferos.*

1. O plan hidrolóxico determinará os criterios básicos para a protección de augas subterráneas fronte ás distintas causas de deterioración, incluíndo a intrusión salina.

2. O plan hidrolóxico incluírá a relación das masas de augas subterráneas en risco de non alcanzaren o bo estado, que fosen designadas como tales polo organismo de bacía, así como as medidas adoptadas para evitar este risco.

3. As medidas indicadas no parágrafo anterior incluírán un programa de actuación para a recuperación do bo estado da masa de auga. O programa de actuación ordenará o réxime de extraccións e as normas no uso da auga para lograr unha explotación racional dos recursos ata alcanzar o bo estado das masas de auga subterránea.

4. O plan hidrolóxico establecerá para cada masa de auga subterránea, na medida que se requira, normas para o outorgamento de concesións, referidas ao caudal máximo instantáneo por captación, distancias entre aproveitamentos, profundidades de perforación e de instalación de bombas, selaxe de pozos abandonados ou en desuso, así como as condicións que deben reunir as concesións para que sexan consideradas de escasa importancia.

Artigo 55. *Medidas complementarias.*

1. O programa de medidas incluírá as medidas complementarias que en cada caso se deban aplicar con carácter adicional para a consecución dos obxectivos ambientais ou para alcanzar unha protección adicional das augas.

2. Entre as medidas complementarias pódense incluír instrumentos legislativos, administrativos, económicos ou fiscais, acordos negociados en materia de ambiente, códigos de boas prácticas, creación e restauración de zonas húmidas, medidas de xestión da demanda, reutilización e desalga, proxectos de construción e rehabilitación, así como proxectos educativos, de investigación, desenvolvemento e demostración. En particular, o programa de medidas incluírá as medidas complementarias que se detallan nos artigos 56 a 60, ambos incluídos.

Artigo 56. *Medidas para masas de auga con poucas probabilidades de alcanzaren os obxectivos ambientais.*

1. Naquelas masas de auga en que os resultados da avaliación de riscos indiquen que probablemente non se lograrán os obxectivos ambientais estableceranse as medidas adicionais necesarias para alcanzalos, entre as cales se pode encontrar o establecemento de normas de calidade ambiental máis estritas, salvo que se dean as circunstancias indicadas no punto seguinte.

2. Cando as causas de non se alcanzaren os obxectivos ambientais sexan naturais, de forza maior ou non se puidesen prever razoablemente, en particular graves inundacións e secas prolongadas, poderase determinar que non é factible adoptar medidas adicionais e admitir a deterioración temporal de acordo co artigo 38.

Artigo 57. *Perímetros de protección.*

1. O plan hidrolóxico poderá fixar os perímetros de protección a que se refire o artigo 97 do texto refundido da Lei de augas, en que se prohiba o exercicio de actividades que puidesen constituír un perigo de contaminación ou degradación do dominio público hidráulico. Nestes perímetros son de aplicación as normas establecidas no Regulamento do dominio público hidráulico para as zonas de policía.

2. Así mesmo, recolleranse no plan hidrolóxico os perímetros referidos no artigo 56 do texto refundido da Lei de augas, establecidos con obxecto de protexer o estado das masas de auga subterránea.

3. O plan recollerá as zonas de protección de captacións de abastecementos de auga destinada a consumo humano incluídas no rexistro de zonas protexidas.

Artigo 58. *Medidas para evitar un aumento da contaminación de augas mariñas.*

1. Serán todas aquelas medidas que teñan por obxecto interromper ou suprimir gradualmente as verteduras, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias, co obxectivo último de conseguir concentracións no medio mariño próximas aos valores básicos polo que se refire ás substancias de orixe natural e próximos a cero no que respecta ás substancias sintéticas artificiais, de acordo co establecido no artigo 108 bis do texto refundido da Lei de augas.

2. Estas medidas resultarán acordes cos obxectivos establecidos nas disposicións normativas vixentes que, para evitar un aumento da contaminación das augas mariñas, recoñeza o Reino de España en aplicación dos convenios internacionais de protección do medio mariño dos cales é parte, así como as disposicións normativas establecidas no dereito comunitario, o nacional e o autonómico na materia.

3. O plan hidrolóxico recollerá de forma separada as establecidas para evitar un aumento da contaminación das augas mariñas.

Artigo 59. *Situacións hidrolóxicas extremas.*

1. O plan hidrolóxico, cos datos históricos dispoñibles sobre precipitacións e caudais máximos e mínimos, establecerá os criterios para a realización de estudos e a determinación de actuacións e obras relacionadas con situacións hidrolóxicas extremas. Como consecuencia destes estudos determinaranse as condicións en que se pode admitir en situacións hidrolóxicas extremas a deterioración temporal, así como as masas de auga a que se refire o artigo 38.

2. Establecerá as medidas que se deben adoptar en circunstancias excepcionais correspondentes a situacións hidrolóxicas extremas, incluíndo a realización de plans ou programas específicos como os indicados no artigo 62.

3. As administracións competentes delimitarán as zonas inundables tendo en conta os estudos e datos dispoñibles que os organismos de bacía deben trasladar a elas, de acordo co previsto no artigo 11.2 do texto refundido da Lei de augas. Para iso contarán co apoio técnico destes organismos e, en particular, coa información relativa a caudais máximos na rede fluvial, que a administración hidráulica deberá facilitar.

Artigo 60. *Infraestruturas básicas.*

1. Para os efectos da súa inclusión obrigatoria no plan hidrolóxico, entenderase por infraestruturas básicas as obras e actuacións que forman parte integrante dos sistemas de explotación que fan posible a oferta de recursos prevista polo plan para os diferentes horizontes tem-

porais e o cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos para as masas de auga.

2. O plan hidrolóxico incorporará o catálogo de infraestruturas básicas que incluírán as actuacións correctoras para a consecución dos obxectivos ambientais, para os diferentes horizontes temporais a que fai referencia o artigo 19 co grao de definición de que se dispoña nese momento.

Artigo 61. *Análise custo-eficacia das medidas.*

1. A análise custo-eficacia será un instrumento que se debe ter en conta para a selección das medidas máis adecuadas para alcanzar os obxectivos ambientais das masas de auga, así como para analizar as medidas alternativas na análise de custos desproporcionados.

2. Para realizar a análise custo-eficacia partírase da avaliación do estado das masas de auga correspondente ao escenario tendencial e a súa diferenza respecto aos obxectivos ambientais. A avaliación dos estados correspondentes á aplicación das distintas medidas e a diferenza respecto aos obxectivos ambientais permitirá analizar a eficacia de cada unha destas medidas.

SECCIÓN 9.^a OUTROS CONTIDOS OBRIGATORIOS

Artigo 62. *Rexistro dos programas e plans máis detallados.*

1. Os plans hidrolóxicos terán en conta na súa elaboración os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca, elaborados polos organismos de bacía en cumprimento do artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, dos cales incorporarán un resumo, incluíndo o sistema de indicadores e limiares de funcionamento utilizados e as principais medidas de prevención e mitigación propostas.

2. Tamén terán en consideración os plans elaborados no ámbito territorial da demarcación relacionados coa protección fronte ás inundacións, dos cales incorporarán un resumo, incluíndo a avaliación de riscos e as medidas adoptadas.

3. O plan hidrolóxico terá en conta na súa elaboración aqueles plans e programas máis detallados sobre as augas realizados polas administracións competentes no ámbito da demarcación, dos cales incorporará os resumos correspondentes.

Artigo 63. *Medidas de información pública e de consulta.*

O plan hidrolóxico conterá un resumo das medidas de información pública e de consulta que se aplicasen durante a súa tramitación, os seus resultados e os cambios conseguintes efectuados no plan, de acordo co indicado nos artigos 71 a 80, ambos incluídos.

Artigo 64. *Lista de autoridades competentes designadas.*

O plan hidrolóxico incluírá a información seguinte sobre as autoridades competentes da demarcación hidrográfica:

- Nome e enderezo oficial das autoridades competentes designadas.
- Descrición do estatuto ou documento xurídico equivalente das autoridades competentes.
- Descrición das responsabilidades legais e administrativas de cada autoridade competente e a súa función no seo da demarcación hidrográfica.
- Resumo das relacións institucionais establecidas para garantir a coordinación, no caso de demarcacións hidrográficas que inclúan bacías hidrográficas compartidas con outros países.

Artigo 65. *Puntos de contacto e procedementos para a obtención de documentación e información.*

O plan hidrolóxico incluírá os puntos de contacto e os procedementos establecidos para obter a documentación base e a información requirida polas consultas públicas.

SECCIÓN 10.^a PREVISIÓNS DOS PLANS HIDROLÓXICOS DE BACÍA

Artigo 66. *Reservas de auga e de terreos.*

1. Nos plans hidrolóxicos de bacía poderanse establecer reservas, de auga e de terreos, necesarias para as actuacións e obras previstas.

2. A reserva de recursos establecerase de acordo co sinalado no artigo 20. A reserva de terreos comprenderá os necesarios para poder executar as infraestruturas básicas establecidas no plan hidrolóxico a que se refire o artigo 60.

3. Os organismos de bacía deberán remitir ás administracións públicas competentes en materia de ordenación do territorio e planeamento urbano as delimitacións das zonas obxecto de reserva para os efectos previstos no artigo 43.3 do texto refundido da Lei de augas.

CAPÍTULO II

Contido do Plan Hidrolóxico Nacional

Artigo 67. *Contido do Plan Hidrolóxico Nacional.*

1. O Plan Hidrolóxico Nacional aprobarase por norma ou normas con rango de lei e conterá, en todo caso:

- As medidas necesarias para a coordinación dos diferentes plans hidrolóxicos de bacía.
- A solución para as posibles alternativas que aqueles ofrezan.
- A previsión e as condicións das transferencias de recursos hidráulicos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía.
- As modificacións que se prevexan na planificación do uso do recurso e que afecten aproveitamentos existentes para abastecemento de poboacións ou regadíos.

2. O Plan Hidrolóxico Nacional tamén conterá a delimitación e caracterización das masas de auga subterránea compartidas entre dúas ou máis demarcacións, incluíndo a asignación de recursos a cada unha delas.

3. A declaración como obras hidráulicas de interese xeral das infraestruturas necesarias para as transferencias de recursos, a que se refire o artigo 67.1.c deste regulamento, só se poderá realizar pola norma legal que aprobe ou modifique o Plan Hidrolóxico Nacional.

Artigo 68. *Coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía.*

1. As medidas de coordinación dos plans hidrolóxicos de bacía rexeranse polos principios xerais de precaución, racionalidade, sustentabilidade, protección do dominio público hidráulico, do bo estado das augas e a protección dos caudais ecolóxicos.

2. A coordinación dos diferentes plans hidrolóxicos realizarase no Plan Hidrolóxico Nacional considerando as diversas planificacións sectoriais de carácter xeral, en particular a agrícola, a enerxética, a de ordenación do territorio e a planificación urbanística, así como a protección do ambiente e da natureza, todo iso no marco da política xeral do Estado e a súa planificación económica.

Artigo 69. *Condicións das transferencias.*

1. Na redacción do Plan Hidrolóxico Nacional estableceranse e especificaranse as transferencias de recur-

sos entre distintas demarcacións hidrográficas, establecendo as condicións a que se deberán axustar. Para cada unha das transferencias previstas, establecerase o volume anual así como os condicionantes que poidan temporalmente modificar este volume.

2. As previsións e condicións das transferencias a que se refire o artigo 67.1.c), non poderán producir como resultado o incumprimento dos obxectivos ambientais establecidos na sección 6.^a do capítulo I deste título.

3. O proxecto de Plan Hidrolóxico Nacional poderá incluír, se é o caso, as condicións determinantes da explotación técnica e a xestión económica da transferencia dos recursos hidráulicos que resulte oportuna, ou encomendar ao Goberno o seu establecemento.

Artigo 70. *Modificacións na planificación do uso do recurso.*

Así mesmo, na redacción do Plan Hidrolóxico Nacional concretaranse as modificacións que de acordo coa planificación do uso do recurso afecten aproveitamentos existentes para abastecemento de poboacións ou regadíos.

TÍTULO II

Elaboración e aprobación dos plans hidrolóxicos

CAPÍTULO I

Dos plans hidrolóxicos de bacía

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 71. *Disposicións xerais.*

1. A elaboración e proposta de revisións posteriores dos plans hidrolóxicos de bacía serán realizadas polo organismo de bacía correspondente ou pola Administración hidráulica competente, nas bacías comprendidas integramente no ámbito territorial da comunidade autónoma.

2. O procedemento para a elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos de bacía regúlase neste regulamento e debe recoller, en todo caso, a programación de calendarios, programas de traballo, elementos que se deben considerar e borradores previos para posibilitar unha adecuada información e consulta pública desde o inicio do proceso.

Desde este inicio e en todas as fases do proceso, procuraranse os medios de coordinación adecuados para a efectiva integración da zona terrestre e mariña da demarcación na elaboración dos plans.

Así mesmo, deberá establecerse a elaboración previa, polas administracións competentes, dos programas de medidas básicas e complementarias, recollidos no artigo 92 quáter do texto refundido da Lei de augas e nos artigos 43 e seguintes deste regulamento, conducentes á consecución dos obxectivos ambientais previstos no texto refundido da Lei de augas. Os programas de medidas coordinaranse e integraranse nos plans hidrolóxicos.

De forma expresa, deberanse coordinar, para a súa integración no plan hidrolóxico, os programas relativos ás augas costeiras e de transición elaborados pola Administración xeral do Estado ou polas comunidades autónomas que participen no Comité de Autoridades Competentes da demarcación e que contén con litoral.

3. Na elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos de bacía preverase necesariamente a participación dos departamentos ministeriais interesados, os prazos para presentación das propostas polos organismos correspondentes e a actuación subsidiaria do Goberno en caso de

falta de proposta. Garantirase, en todo caso, a participación pública en todo o proceso planificador, tanto nas fases de consultas previas como nas de desenvolvemento e aprobación ou revisión do plan. Para tales efectos cumpriranse os prazos previstos na disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei de augas.

4. Os plans hidrolóxicos elaboraranse en coordinación coas diferentes planificacións sectoriais que os afecten, tanto respecto aos usos da auga como aos do solo e, especialmente, co establecido na planificación de regadíos e outros usos agrarios.

5. O Goberno poderá facer a declaración de utilidade pública dos traballos, estudos e investigacións requiridas para a elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos que realicen os servizos do Ministerio de Medio Ambiente, o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España ou calquera outro organismo das administracións públicas.

6. Os plans hidrolóxicos serán obxecto do procedemento de avaliación ambiental estratéxica conforme o establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

SECCIÓN 2.^a PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Artigo 72. *Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública.*

1. Os organismos de bacía formularán o proxecto de organización e procedemento que se seguirá para facer efectiva a participación pública no proceso de planificación.

2. O citado proxecto incluírá, polo menos, os seguintes contidos:

a) Organización e cronogramas dos procedementos de información pública, consulta pública e participación activa do plan hidrolóxico segundo o indicado neste regulamento.

b) Coordinación do proceso de avaliación ambiental estratéxica do plan hidrolóxico e a súa relación cos procedementos anteriores.

c) Descrición dos métodos e técnicas de participación que se empregarán nas distintas fases do proceso.

Artigo 73. *Información pública.*

1. O proceso de elaboración dos plans incorporará os requirimentos establecidos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, en particular aqueles referentes ao fornecemento activo de información substantiva para o proceso de planificación e que resulte adicional á enumerada neste regulamento.

2. Esta información deberá estar accesible en papel e en formato dixital nas páxinas electrónicas do Ministerio de Medio Ambiente e nas das respectivas demarcacións hidrográficas.

Artigo 74. *Consulta pública.*

1. A consulta pública realizarase sobre os documentos referidos nos artigos 77 a 80, ambos incluídos, aos cales se poderán engadir outros documentos, de carácter divulgativo, que faciliten este proceso.

2. Estes documentos deberán estar accesibles en papel e en formato dixital nas páxinas electrónicas do Ministerio de Medio Ambiente e nas das respectivas demarcacións hidrográficas.

3. A duración do proceso de consulta pública de cada documento será como mínimo de seis meses. As achegas da consulta pública integraranse en informes que formarán parte do proceso de planificación e que se recollerán nun anexo do plan.

Artigo 75. Participación activa.

1. Os organismos de bacía fomentarán a participación activa das partes interesadas no proceso de planificación, estendendo esta participación ao público en xeral.

2. Tamén poderán constituír foros ou grupos de traballo en que participen, ademais das partes interesadas, persoas de recoñecido prestixio e experiencia en materia de augas que asesoren no proceso de elaboración dos plans hidrolóxicos.

SECCIÓN 3.^a ELABORACIÓN**Artigo 76. Etapas na elaboración dos plans hidrolóxicos de bacía.**

1. Con carácter previo á elaboración e proposta de revisión do plan hidrolóxico, prepararase un programa de traballo que inclúa, ademais do calendario sobre as fases previstas para esta elaboración ou revisión, o estudo xeral sobre a demarcación correspondente.

2. Tras estes traballos previos, o procedemento para a elaboración dos plans hidrolóxicos de bacía desenvolverase en dúas etapas: unha primeira, en que se elaborará un esquema dos temas importantes en materia de xestión das augas na demarcación hidrográfica, e outra de redacción do proxecto de plan propiamente dito.

Artigo 77. Programa de traballo.

1. A proposta de programa de traballo para a elaboración dos plans de bacía será desenvolvida polos organismos de bacía.

2. Este programa incluírá as principais tarefas e actividades que se realizarán, o calendario previsto, o estudo xeral da demarcación e as formulas de consulta.

3. Recollerá os puntos de contacto e os procedementos requiridos para obter a documentación de base e a información requirida polas consultas públicas.

4. O programa deberá coordinar os procesos de consulta propios do plan e os requiridos pola avaliación ambiental estratéxica, tomando como referencia o indicado para estes efectos neste regulamento.

5. A proposta de programa de traballos será posta á disposición do público cunha antelación mínima de tres anos con respecto ao inicio do procedemento de aprobación do plan, para a formulación de observacións e suxestións durante un prazo non inferior a seis meses, todo iso na forma establecida no artigo 74.

Artigo 78. Contidos e elaboración do estudo xeral sobre a demarcación.

1. O estudo xeral sobre a demarcación hidrográfica incluído no programa de traballo incorporará unha descrición xeral das características da demarcación, un resumo das repercusións da actividade humana no estado das augas superficiais e das augas subterráneas e unha análise económica do uso da auga, de acordo co establecido no artigo 41.5 do texto refundido da Lei de augas.

2. A descrición xeral das características da demarcación incluírá:

a) Descrición do marco administrativo, físico e biótico da demarcación, así como do modelo territorial, incluíndo a paisaxe e o patrimonio hidráulico.

b) A localización e límites das masas de auga superficial, tanto continentais como costeiras e de transición, incluíndo masas de auga artificiais e moi modificadas, tipos e condicións de referencia específicas de cada tipo.

c) A localización, límites e caracterización das masas de auga subterránea.

d) A estatística hidrolóxica dispoñible sobre precipitacións, evaporacións, escorregamentos e canta informa-

ción sexa relevante para a adecuada avaliación cuantitativa e cualitativa dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.

e) A información histórica dispoñible sobre precipitacións e caudais máximos e mínimos.

3. O resumo das repercusións da actividade humana no estado das augas superficiais e das augas subterráneas incluírá:

a) As presións significativas sobre as masas de auga superficial, incluíndo a contaminación de fonte puntual e difusa, a extracción e regulación de caudal, as alteracións morfolóxicas e outros tipos de incidencia antropoxénica, así como a avaliación do impacto e a identificación das masas en risco de non cumprir os obxectivos ambientais.

b) As presións significativas sobre as masas de auga subterránea, incluíndo a contaminación de fonte puntual e difusa, a extracción de auga e a recarga artificial, así como a avaliación do impacto e a identificación das masas en risco de non cumprir os obxectivos ambientais.

c) As estatísticas de calidade das augas.

d) A estatística dispoñible sobre as subministracións e consumos de auga nas diferentes zonas e subzonas especificando as orixes do recurso aplicado e os usos a que se destina.

e) Os datos sobre niveis piezométricos en acuíferos.

f) O inventario de grandes infraestruturas hidráulicas e as súas características fundamentais desde o punto de vista da regulación e dispoñibilidade de recursos en cantidade e calidade.

4. A análise económica do uso da auga incluírá:

a) O mapa institucional dos servizos relacionados coa xestión das augas.

b) A información para efectuar os cálculos sobre recuperación dos custos dos servizos da auga, incluíndo os custos ambientais e do recurso, en función das proxeccións a longo prazo da súa oferta e demanda e, se é o caso, as previsións de volume, prezos, investimentos e custos asociados aos ditos servizos.

c) Un resumo, con datos globais para o conxunto da demarcación, da análise de recuperación de custos, incluíndo o custo dos servizos para os distintos usos da auga e o grao de recuperación de custos por parte dos usuarios.

d) A información sobre as previsións dos custos potenciais das medidas para realizar a análise custo-eficacia para efectos da súa inclusión no programa de medidas.

e) A caracterización económica do uso da auga, incluíndo a análise de tendencias.

5. Os organismos de bacía, integrando as achegas procedentes das distintas autoridades competentes, elaborarán este estudo xeral da demarcación.

Artigo 79. Esquema de temas importantes en materia de xestión das augas na demarcación.

1. O esquema de temas importantes en materia de xestión das augas conterá a descrición e valoración dos principais problemas actuais e previsibles da demarcación relacionados coa auga e as posibles alternativas de actuación, todo iso de acordo cos programas de medidas elaborados polas administracións competentes. Tamén se concretarán as posibles decisións que se poidan adoptar para determinar os distintos elementos que configuran o plan e ofrecer propostas de solución aos problemas enumerados.

2. Ademais do indicado no parágrafo anterior, o esquema incluírá:

a) As principais presións e impactos que deben ser tratados no plan hidrolóxico, incluíndo os sectores e actividades que poden supor un risco para alcanzar os obxec-

tivos ambientais. Especificamente analizaranse os posibles impactos xerados nas augas costeiras e de transición como consecuencia das presións exercidas sobre as augas continentais.

b) As posibles alternativas de actuación para conseguir os obxectivos ambientais, de acordo cos programas de medidas básicas e complementarias, incluíndo a súa caracterización económica e ambiental.

c) Os sectores e grupos afectados polos programas de medidas.

3. Os organismos de bacía elaborarán o esquema de temas importantes en materia de xestión de augas, previsto na disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei de augas, integrando a información facilitada polo Comité de Autoridades Competentes.

4. O esquema provisional de temas importantes remitirase, cunha antelación mínima de dous anos con respecto ao inicio do procedemento de aprobación do plan, ás partes interesadas. Esta consulta realizarase de acordo co artigo 74, para que as partes interesadas presenten, no prazo de tres meses, as propostas e suxestións que consideren oportunas.

5. Ao mesmo tempo, o esquema provisional será posto á disposición do público, durante un prazo non inferior a seis meses para a formulación de observacións e suxestións, todo iso na forma establecida no artigo 74. Durante o desenvolvemento desta consulta iníciase o procedemento de avaliación ambiental do plan co documento inicial, que incorporará o esquema provisional de temas importantes.

6. Ultimadas as consultas a que se refiren os puntos 4 e 5, os organismos de bacía realizarán un informe sobre as propostas, observacións e suxestións que se presentasen e incorporarán as que, se é o caso, consideren adecuadas ao esquema provisional de temas importantes en materia de xestión das augas, que requirirá o informe preceptivo do Consello da auga da demarcación.

Artigo 80. *Proxecto de plan hidrolóxico de bacía.*

1. Na segunda etapa de elaboración do proxecto de plan hidrolóxico, os organismos de bacía, coa información facilitada polo Comité de Autoridades Competentes, redactarán o informe de sustentabilidade ambiental e a correspondente proposta deste de acordo co esquema de temas importantes en materia de xestión das augas, os contidos do documento de referencia elaborado polo órgano ambiental dentro do proceso de avaliación ambiental do plan hidrolóxico e tendo en conta todas as consultas efectuadas.

2. A proposta de proxecto de plan hidrolóxico e o informe de sustentabilidade ambiental, remitiranse, cunha antelación mínima dun ano con respecto ao inicio do procedemento de aprobación do plan, ás partes interesadas para que presenten, no prazo de tres meses, as propostas e suxestións que consideren oportunas.

3. Ao mesmo tempo, a proposta de proxecto de plan hidrolóxico estará á disposición do público, durante un prazo non inferior a seis meses para a formulación de observacións e suxestións, na forma establecida no artigo 74.

4. Ultimadas as consultas a que se refiren os puntos 2 e 3, os organismos de bacía realizarán un informe sobre as propostas, observacións e suxestións que se presentasen e incorporarán as que, se é o caso, consideren adecuadas á proposta de proxecto de plan hidrolóxico, que requirirá o informe preceptivo do Consello da auga da demarcación. Na redacción final da proposta terase en conta a memoria ambiental elaborada no proceso de avaliación ambiental.

5. Esta proposta de proxecto de plan hidrolóxico, coa conformidade do Comité de Autoridades Competentes, será elevada ao Goberno a través do Ministerio de Medio Ambiente, de acordo co artigo 35.2 do texto refundido da Lei de augas.

Artigo 81. *Estrutura formal do plan hidrolóxico de bacía.*

O plan hidrolóxico terá a seguinte estrutura formal:

a) Memoria. Incluirá, polo menos, os contidos obrigatorios descritos no artigo 4 e poderá ir acompañada dos anexos que se consideren necesarios.

b) Normativa. Incluirá os contidos do plan con carácter normativo e que, polo menos, serán os seguintes: identificación e delimitación de masas de auga superficial, condicións de referencia, designación de augas artificiais e augas moi modificadas, identificación e delimitación de masas de auga subterráneas, prioridade e compatibilidade de usos, réximes de caudais ecolóxicos, definición dos sistemas de explotación, asignación e reserva de recursos, definición de reservas naturais fluviais, réxime de protección especial, obxectivos ambientais e deterioración temporal do estado das masas de auga, condicións para as novas modificacións ou alteracións e organización e procedemento para facer efectiva a participación pública.

Artigo 82. *Instrucións e recomendacións técnicas complementarias.*

O Ministerio de Medio Ambiente poderá ditar as instrucións e recomendacións técnicas complementarias para a elaboración dos plans hidrolóxicos que considere convenientes para a homoxeneización e sistematización dos traballos. Estas instrucións e recomendacións técnicas deberán ser ditadas oídos os departamentos ministeriais afectados, en canto poidan afectalos.

SECCIÓN 4.^a APROBACIÓN

Artigo 83. *Aprobación dos plans hidrolóxicos de bacía.*

1. Os proxectos de plans hidrolóxicos de bacía elaborados conforme o previsto no artigo 80 deste regulamento ou nas normas de procedemento que puidesen ditar, se é o caso, as comunidades autónomas, serán remitidos polo Ministerio de Medio Ambiente ao Consello Nacional da Auga para que emita o informe preceptivo previsto no artigo 20 do texto refundido da Lei de augas.

2. Emitido este informe, o Ministerio de Medio Ambiente elevará ao Goberno os plans hidrolóxicos para a súa aprobación, se for procedente.

3. O Goberno, mediante real decreto, aprobará os plans hidrolóxicos de bacía nos termos que coide procedentes en función do interese xeral, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

4. Os plans hidrolóxicos de bacía que fosen elaborados ou revisados ao abeiro do disposto no artigo 18 do texto refundido da Lei de augas serán aprobados se se axustan ás prescricións dos artigos 40.1, 3 e 4 e 42 do texto refundido da Lei de augas, non afectan os recursos doutras bacías e, se é o caso, se acomodan ás determinacións do Plan Hidrolóxico Nacional.

CAPÍTULO II

Del Plan Hidrolóxico Nacional

Artigo 84. *Participación pública na elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional.*

1. Na elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional garantirase, en todo caso, a participación pública en todo

o proceso planificador, tanto nas fases de consultas previas como nas de desenvolvemento e aprobación ou revisión do plan, de acordo co establecido no artigo 41.3 do texto refundido da Lei de augas.

2. A proposta de proxecto de Plan Hidrolóxico Nacional deberá estar accesible en papel e en formato dixital nas páxinas electrónicas do Ministerio de Medio Ambiente.

3. Realizarase unha consulta directa sobre a proposta de proxecto de Plan Hidrolóxico Nacional ás partes interesadas.

4. A duración do proceso de consulta pública será como mínimo de seis meses. As achegas da consulta pública reuniranse nun informe que formará parte do proceso de planificación.

5. O Plan Hidrolóxico Nacional será obxecto do procedemento de avaliación ambiental estratéxica conforme o establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril.

6. O Ministerio de Medio Ambiente adoptará as medidas necesarias para o acceso público á documentación técnica que constitúe os antecedentes e presupostos do Plan Hidrolóxico Nacional e, para tal efecto, ordenará unha edición oficial deste en que se inclúan a memoria e todos os seus anexos.

Artigo 85. *Elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional.*

1. Corresponderalle ao Ministerio de Medio Ambiente a elaboración do Plan Hidrolóxico Nacional, conxuntamente cos departamentos ministeriais relacionados co uso dos recursos hidráulicos.

2. A este fin o Goberno establecerá, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, os mecanismos adecuados.

Artigo 86. *Aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional.*

1. O Proxecto de Plan Hidrolóxico Nacional será remitido polo Ministerio de Medio Ambiente ao Consello Nacional da Auga para que emita o seu informe preceptivo, segundo o previsto no artigo 20 do texto refundido da Lei de augas.

2. O Goberno, visto o informe do Consello Nacional da Auga, aprobará o proxecto de Plan Hidrolóxico Nacional e remitirallo ás Cortes Xerais para a súa discusión e aprobación por lei.

3. O Plan Hidrolóxico Nacional, sen perder o seu carácter unitario, poderá ser aprobado en distintos actos legislativos.

4. A aprobación do Plan Hidrolóxico Nacional implicará a adaptación dos plans hidrolóxicos de bacía e os programas de medidas ás previsións daquel.

TÍTULO III

Seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos

Artigo 87. *Seguimento dos plans hidrolóxicos.*

1. Os organismos de bacía realizarán o seguimento dos seus correspondentes plans hidrolóxicos, podendo requirir, a través do Comité de Autoridades Competentes, canta información for necesaria para tal fin.

2. O Comité de Autoridades Competentes da demarcación promoverá a elaboración e mantemento dun sistema de información sobre o estado das masas de auga que permita obter unha visión xeral deste, tendo en conta tamén os obxectivos ambientais específicos das zonas protexidas. Este sistema de información, ademais de constituír un elemento básico para a planificación e elaboración dos programas de medidas, utilizarase para o seguimento do plan hidrolóxico.

3. Sen prexuízo das competencias que correspondan ás distintas administracións públicas, o Ministerio de Medio Ambiente manterá unha información actualizada sobre o estado das masas de auga e o desenvolvemento da execución das actuacións do Plan Hidrolóxico Nacional e dos programas de medida dos plans de bacía, e poderá solicitar dos organismos de bacía ou das administracións competentes cantos datos fosen necesarios para tal fin.

4. Estes organismos, no caso de demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, informarán con periodicidade non superior ao ano o consello da auga da demarcación e ao Ministerio de Medio Ambiente sobre o desenvolvemento dos plans. Así mesmo, informarán as administracións ás cales consultasen sobre os extremos pertinentes. Dentro do prazo de tres anos a partir da publicación do plan hidrolóxico ou da súa actualización, presentarán un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

5. As comunidades autónomas deberán establecer o seguimento dos plans hidrolóxicos elaborados por elas, e informar con periodicidade non superior ao ano o Ministerio de Medio Ambiente. Así mesmo, dentro do prazo de tres anos a partir da publicación do plan hidrolóxico ou da súa actualización, presentarán un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas previsto.

6. O Ministerio de Medio Ambiente publicará cada catro anos un informe de seguimento sobre a aplicación dos plans hidrolóxicos de bacía e do Plan Hidrolóxico Nacional, co fin de manter o cidadán informado dos progresos realizados na súa aplicación e facilitar a participación cidadá na planificación. Para os efectos da súa publicación conxunta, as comunidades autónomas facilitarán os informes correspondentes aos plans hidrolóxicos das bacías intracomunitarias.

7. Este informe será sometido á consideración do Consello Nacional da Auga, o cal, en función dos resultados obtidos na aplicación dos distintos plans hidrolóxicos, poderá propoñer, ben ao Goberno para as bacías intercomunitarias, ben á administración autonómica correspondente para as bacías intracomunitarias, criterios para a súa actualización ou revisión.

8. O Ministerio de Medio Ambiente remitirá á Comisión Europea e a calquera Estado membro interesado exemplares dos plans hidrolóxicos aprobados, así como do estudo xeral da demarcación a que se alude no artigo 78. Os exemplares dos plans hidrolóxicos remitiranse nun prazo de tres meses a partir da súa publicación.

9. Así mesmo, o Ministerio de Medio Ambiente establecerá os criterios para elaborar os informes requiridos pola Comisión Europea sobre os plans hidrolóxicos. Os organismos de bacía elaborarán estes informes na forma e prazos establecidos polo Ministerio de Medio Ambiente, quen, pola súa vez, os remitirá á Comisión Europea.

Artigo 88. *Aspectos obxecto de seguimento específico.*

Serán obxecto de seguimento específico os aspectos que a continuación se indican:

- a) Evolución dos recursos hídricos naturais e dispoñibles e a súa calidade.
- b) Evolución das demandas de auga.
- c) Grao de cumprimento dos réximes de caudais ecolóxicos.
- d) Estado das masas de auga superficial e subterránea.
- e) Aplicación dos programas de medidas e efectos sobre as masas de auga.

Artigo 89. *Revisión dos plans hidrolóxicos de bacía.*

1. Cando os cambios ou desviacións que se observen nos datos, hipóteses ou resultados dos plans

hidrolóxicos así o aconsellen, o Consello da Auga da demarcación poderá acordar a revisión do plan, que tamén poderá ser ordenada, logo do acordo cos departamentos ministeriais afectados, polo de Medio Ambiente, que fixará un prazo para o efecto, ou solicitada, se é o caso, á comunidade autónoma correspondente cando se trate de plans elaborados ao abeiro do disposto no artigo 18 do texto refundido da Lei de augas.

2. En todo caso, realizarase unha revisión completa e periódica do plan cada seis anos desde a data da súa entrada en vigor.

3. Se transcorridos os prazos anteriores non se remítise o novo plan para a súa aprobación, o Ministerio de Medio Ambiente poderá requirirles aos organismos de bacía a presentación do plan hidrolóxico. Se, transcorridos seis meses desde a data do requirimento, este non fose atendido, o Goberno encomendará ao Ministerio de Medio Ambiente a redacción da proposta do correspondente plan hidrolóxico, conxuntamente cos departamentos ministeriais afectados, de acordo co previsto no artigo 41.2 do texto refundido da Lei de augas.

4. Cando, tratándose dun plan hidrolóxico que deba ser elaborado pola Administración hidráulica dunha comunidade autónoma que exerza competencias sobre o dominio público hidráulico en bacías hidrográficas comprendidas integramente dentro do seu territorio, transcorren os prazos establecidos nos puntos 1 e 2 sen se ter recibido o novo plan para a súa aprobación, o Goberno requirirá o presidente da comunidade autónoma para os efectos procedentes.

5. A primeira actualización do plan hidrolóxico e todas as actualizacións posteriores, comprenderán obrigatoriamente:

a) Un resumo de todos os cambios ou actualizacións efectuados desde a publicación da versión precedente do plan.

b) Unha avaliación dos progresos realizados na consecución dos obxectivos ambientais, incluída a presentación en forma de mapa dos resultados dos controis durante o período do plan anterior e unha explicación dos obxectivos ambientais non alcanzados.

c) Un resumo e unha explicación das medidas previstas na versión anterior do plan hidrolóxico que non se puxesen en marcha.

d) Un resumo de todas as medidas adicionais transitorias adoptadas, desde a publicación da versión precedente do plan hidrolóxico, para as masas de auga que probablemente non alcancen os obxectivos ambientais previstos.

6. O procedemento de revisión dos plans será similar ao previsto para a súa elaboración nos artigos 76 a 82, ambos incluídos.

TÍTULO IV

Efectos dos plans hidrolóxicos

Artigo 90. Disposicións xerais.

1. Os plans hidrolóxicos serán públicos e vinculantes, sen prexuízo da súa actualización periódica e revisión xustificada, e non crearán por si sós dereitos en favor de particulares ou entidades, polo que a súa modificación non dará lugar a indemnización, sen prexuízo do disposto no artigo 65 do texto refundido da Lei de augas.

2. As resolucións dos organismos de bacía e de calquera outra Administración pública en materias relacionadas cos plans hidrolóxicos deberanse axustar aos seus termos.

3. Cando, como consecuencia das modificacións dos plans hidrolóxicos, se proceda á revisión dalgunhas concesións existentes, os concesionarios prexudicados terán dereito ás correspondentes indemnizacións de conformidade co disposto na lexislación de expropiación forzosa.

4. Os plans hidrolóxicos de bacía quedarán en suspenso naquelas determinacións que sexan contraditorias coas do Plan Hidrolóxico Nacional. O Consello de Ministros por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, mediante resolución publicada no Boletín Oficial del Estado e no das comunidades autónomas afectadas, iniciará o correspondente proceso de adaptación dos plans de bacía. A resolución incluírá os datos esenciais que permitan identificar aqueles puntos do plan hidrolóxico de bacía afectados polo Plan Hidrolóxico Nacional e que deberán ser obxecto de adaptación.

Artigo 91. Outros efectos particulares.

1. A aprobación dos plans hidrolóxicos de bacía implicará a declaración de utilidade pública dos traballos de investigación, estudos, proxectos e obras previstos no plan.

2. Na súa consecuencia, os organismos da administración competentes poderán iniciar as actuacións necesarias para a súa realización debendo observarse, polo que respecta ás eventuais indemnizacións por ocupación temporal de bens de particulares ou expropiación destes, o disposto na vixente lexislación de expropiación forzosa. O Goberno poderá de acordo con esta normativa aplicar, de estimalo necesario, o procedemento de urxencia.

3. As previsións dos plans hidrolóxicos a que se refire o artigo 43.1 e 2 do texto refundido da Lei de augas deberán ser respectadas nos diferentes instrumentos de ordenación urbanística do territorio.

4. Para que se poidan autorizar construcións nos terreos reservados a que se refire o artigo 43.1 do texto refundido da Lei de augas, os organismos competentes deberán solicitar informe previo da Administración hidráulica, a menos que esta emitise informe, con carácter xeral, sobre os correspondentes instrumentos de planeamento urbanístico.

ANEXO I

Rexións ecolóxicas e descritores para a clasificación en tipos das masas de auga superficial (sistema A)

Ríos

Tipoloxía fixada	Descritores
Rexión ecolóxica	Rexión ibérico-macaronésica. Pireneos.
Tipo	Tipoloxía en función da altitude. Alto: >800 m. Altura media: 200 a 800 m. Terras baixas: <200 m. Tipoloxía segundo o tamaño en función da superficie da bacía de alimentación. Pequeno: 10 a 100 km ² .

Tipoloxía fixada	Descritores
	Mediano: >100 a 1.000 km ² . Grande: >1.000 a 10.000 km ² . Moi grande: >10.000 km ² . Xeoloxía. Calcario. Silíceo. Orgánico.

Lagos

Tipoloxía fixada	Descritores
Rexión ecolóxica	Rexión ibérico-macaronésica. Pireneos.
Tipo	Tipoloxía en función da altitude. Alto: >800 m. Altura media: 200 a 800 m. Terras baixas: <200 m. Tipoloxía segundo a profundidade medida como profundidade media. <3 m. 3 m a 15 m. >15 m. Tipoloxía segundo o tamaño medido como superficie do lago. 0,5 a 1 km ² . 1 a 10 km ² . 10 a 100 km ² . > 100 km ² . Xeoloxía. Calcario. Silíceo. Orgánico.

Augas de transición

Tipoloxía fixada	Descritores
Rexión ecolóxica	Océano Atlántico. Mar Mediterráneo.
Tipo	Baseado na salinidade media anual. <0,5 ‰: auga doce. 0,5 a <5 ‰: oligohalino. 5 a <18 ‰: mesohalino. 18 a <30 ‰: polihalino. 30 a <40 ‰: eusalino. Baseado na amplitude media das mareas. <2 m: micromareal. 2 a 4 m: mesomareal. >4 m: macromareal.

Augas costeiras

Tipoloxía fixada	Descritores
Rexión ecolóxica	Océano Atlántico. Mar Mediterráneo.
Tipo	Baseado na salinidade media anual. <0,5 ‰: auga doce. 0,5 a <5 ‰: oligohalino. 5 a <18 ‰: mesohalino. 18 a <30 ‰: polihalino. 30 a <40 ‰: eusalino. Baseado na profundidade media. Augas pouco profundas: <30 m. Intermedias: 30 a 200 m. Profundas: >200 m.

ANEXO II

Factores obrigatorios e optativos para a clasificación en tipos das masas de auga superficial (sistema B)

Ríos

Caracterización alternativa	Factores físicos e químicos que determinan as características do río ou parte do río e, ademais, a estrutura e composición da comunidade biolóxica
Factores obrigatorios	Altitude. Latitude. Lonxitude. Xeoloxía. Tamaño.
Factores optativos	Distancia desde o nacemento do río. Enerxía de fluxo (función do caudal e da pendente). Largura media da auga. Profundidade media da auga. Pendente media da auga. Forma e configuración do leito principal. Categoría segundo a achega fluvial (caudal). Forma do val. Transporte de sólidos. Capacidade de neutralización de ácidos. Composición media do substrato. Cloruros. Oscilación da temperatura do aire. Temperatura media do aire. Precipitacións.

Lagos

Caracterización alternativa	Factores físicos e químicos que determinan as características do lago e, ademais, a estrutura e composición da comunidade biolóxica
Factores obrigatorios	Altitude. Latitude. Lonxitude. Profundidade. Xeoloxía. Tamaño.
Factores optativos	Profundidade media da auga. Forma do lago. Tempo de permanencia. Temperatura media do aire. Oscilación da temperatura do aire. Réxime de mestura de estratificación da auga (por exemplo, monomíctico, dimíctico, polimíctico). Capacidade de neutralización de ácidos. Estado natural dos nutrientes. Composición media do substrato. Flutuación do nivel da auga.

Augas de transición

Caracterización	Factores físicos e químicos que determinan as características do lago e, ademais, a estrutura e composición da comunidade biolóxica
Factores obrigatorios	Latitude. Lonxitude. Amplitude das mareas. Salinidade.
Factores optativos	Profundidade. Velocidade da corrente. Exposición á ondada. Tempo de permanencia. Temperatura media da auga. Características da mestura de augas. Turbidez. Composición media do substrato. Forma. Oscilación da temperatura da auga.

Augas costeiras

Caracterización alternativa	Factores físicos e químicos que determinan as características do lago e, ademais, a estrutura e composición da comunidade biolóxica
Factores obrigatorios	Latitude. Lonxitude. Amplitude das mareas. Salinidade.
Factores optativos	Velocidade da corrente. Exposición á ondada. Temperatura media da auga. Características da mestura de augas. Turbidez. Tempo de permanencia (de baías pechadas). Composición media do substrato. Oscilación da temperatura da auga.

ANEXO III**Normativa comunitaria sobre protección das augas**

Directiva 2006/118/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE.

Directiva 98/83/CE do Consello, do 3 de novembro de 1998, relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano.

Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación.

Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitat naturais e da fauna e flora silvestres.

Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas.

Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios.

Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.

Directiva 86/278/CEE do Consello, do 12 de xuño de 1986, relativa á protección do ambiente e, en particular, dos solos, na utilización dos lodos de depuradora en agricultura.

